



abc



Mensaxe:

30/1024


Escríbeme eh
galego.

¡Pásao! A fiestra
do Illa.

ENVIAR



SAIR



1 oo

2 abc

3 def

4 ghi

5 jkl

6 mno

IES ILLA DE SAN SIMÓN

Branca Pereira

2004/05



OLA!

Un ano máis estou convosco para servir de escaparate á vosa creatividade. Como todos os anos recollo os vosos traballos para dalos a coñecer a todo o público que teña a ben achegarse a nós. A viaxe ata as vosas mans foi doada porque a desinteresada axuda e esforzo colectivo por sacarme adiante ten un palpable éxito.

O curso principiou coa noticia do suicidio dun rapaz vasco de catorce anos porque, farto de aturar o acoso dos que se chamaban compañeiros seus, xa non puido aturar máis. Remata coa morte doutra compañeira na Comunidade Valenciana presuntamente causada polo mesmo motivo. Desde aquí queremos instar a todos os que formamos esta comunidade educativa para que nunca sexamos cómplices desa violencia duns alumnos sobre outros, aínda que só sexa por omisión. Este tipo de casos debemos sacalos a luz dende o primeiro momento para coñecido o problema, erradicalo de inmediato. Só desta maneira seremos merecedores da consideración de seres humanos.

Na revista deste ano pretendemos recoller todos aqueles asuntos que nos preocupan e expoñer, aínda que sexa minimamente, a creatividade que é capaz de xerar un instituto de ensino secundario.

Queremos agradecer á dirección saínte toda a axuda prestada nestes anos de estreita colaboración con este Equipo de Normalización Lingüística. Moitas grazas e agardamos que, aínda que desde outro posto, siga a colaboración.

Á dirección entrante queremos, desde xa, solicitarlle o mesmo apoio, co que, de seguro, contamos. Tamén lle desexamos moita sorte no desempeño dos seus cargos e ofrecémonos para colaborar en todos os temas que atinxan a este Equipo de Normalización Lingüística.

Grazas a todos/as que fixestes posible esta nova *Fiesta do Illa*.

Bo verán a todos/as.

A FIESTA DO ILLA

**SAÚDA DA NOVA
DIRECCIÓN**

Perante a invitación ofrecida polo Departamento de normalización lingüística do I.E.S Illa de San Simón, non quero deixar pasar a ocasión de dirixirme a todos os que formamos esta comunidade educativa para presentarme, nesta nova etapa na que me tocará exercer temporalmente como novo director, para saudarvos, en especial, ós alumnos de 4º de ESO, que nos deixan, e ós de 1º, que por primeira vez se nos achegan para desexarlles, ós primeiros tódolos éxitos que o futuro lles poida deparar e ós que por primeira vez se incorporan a este Centro, animalos a que se sintan coma na súa propia casa, a que aproveiten esta etapa de formación e se integren en plenitude e a que, no momento de deixarnos, non nos esquezan.

Ó resto, tanto de alumnos coma de pais e compañeiros pedirvos comprensión e confianza, xa que tratarei de non defraudar as vosas expectativas, aínda que sinto que é unha carga, posiblemente excesiva para min. Pretendo seguir loitando por facer deste Centro un lugar agradable de estudo e traballo onde os que sintan afección polo coñecemento poidan ver cumpridos os seus desexos e sentirse amparados en todo momento. Para isto, atoparedes en min e no novo equipo directivo toda a disposición para colaborar e lograr facer do noso Centro un lugar agradable e ilusionante. Grazas, por adiantado, pola vosa comprensión e paciencia e moitos éxitos para todos.

Luis.

ESPECIAL LETRAS GALEGAS

XESÚS LORENZO VARELA VÁZQUEZ

Xesús Lorenzo Varela Vázquez, fillo de emigrantes orixinarios de Monterroso (Lugo), naceu o 10 de agosto de 1916 no barco “La Navarre” cando aportaba na Habana.



En 1920 os seus pais, debido á crise económica que sofre a illa caribeña que repercute na economía da familia Varela Vázquez, trasládanse a Bos Aires. Na capital arxentina instálanse por pouco tempo, aínda que alí cursa a escola primaria. A finais de 1930 retorna a Galicia.

En 1931 comezou o bacharelato no Instituto de Ensino Secundario de Lugo. Aquí comezan as súas inquedañas políticas que callarán definitivamente coa proclama da República.

A súa participación o 22 de marzo de 1932 nun acto do Partido Galeguista que se celebrou no Teatro Principal de Lugo coa participación de Castelao, Paz Andrade e Suárez Picallo marca o seu achegamento ao ideario nacionalista.

Pouco despois participa con Ramón Piñeiro na fundación da Federación de Mocidades Galeguistas, organización xuvenil vinculada ao Partido Galeguista. Estes mozos galeguistas, guiados politicamente por Castelao e Suárez Picallo, ían máis alá que os seus preceptores xa que a organización xuvenil declarábase “*arredista*”. Algúns dos máis destacados militantes compañeiros de Lorenzo Varela son Fernández del Riego, Xosé Velo, Celso Emilio Ferreiro, Carvallo Calero e Ramón de Valenzuela.

A Lorenzo Varela tirábanlle as ideas do galeguismo, pero no social pensaba que había que ir máis lonxe e as súas posicións fóronse achegando ao *trotskismo* representado polo Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM). Esta orientación esquerdista reflíctese nas súas colaboracións na revista luguesa “El Yunque” editada por Ánxel Fole.

En 1935 rematado o bacharelato trasládase a Madrid para estudar filosofía e letras. Na capital de España comeza a súa actividade cultural: é membro das Misiões Pedagóxicas, colabora no xornal liberal-republicano “Sol” como crítico literario, participa en diversas tertulias nas que están, entre outros, Dieste, Laxeiro, Granell, Suárez Picallo, Otero Espasandín, Fernández Mazas, Maside, Colmeiro ...

En 1936 interrómpeuse ese labor de dinamización cultural que tiña como marco as reformas educativas da II República xa que comeza a guerra civil. Con motivo desta guerra fratricida constitúese en Madrid a “Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura” sendo Lorenzo Varela un dos redactores do manifesto fundacional. Nesta Alianza participan xunto ao noso escritor García Lorca, Dieste, José Bergamín, Rafael Alberti, Antonio Machado, etc.

Durante a guerra civil realiza unha intensa actividade cultural ao servizo da causa republicana, destacando a súa colaboración coas revistas republicanas “Hora de España” e “El Mono Azul”. Participa nos volumes colectivos “Poetas en la España Leal” (1937) e “Homenaje de despedida a las Brigadas Internacionales” (1938) con Antonio Machado, Rafael Alberti, Luis Cernuda e Pablo Neruda entre outros. En xullo de 1937 participa no Segundo Congreso Internacional de Intelectuais Antifascistas que se

leva a cabo en Valencia: escritores de todo mundo chegan a España para apoiar a causa republicana transmitíndolles a súa solidariedade aos combatentes pola legalidade. Xunto a Lorenzo Varela estiveron neste congreso Pablo Neruda, Nicolás Guillén, Ernest Hemingway, César Vallejo, Raúl González Tuñón, Octavio Paz, André Malraux, Lois Aragón, ...

Lorenzo Varela percorrerá as distintas fronteiras nas que se libraba a guerra española colaborando na defensa da liberdade tanto coas armas como coa palabra.

Perdida a guerra, pasa os Pirineos e permanece no campo de concentración de Saint Ciprien (Francia) até que pode marchar para México. Arriba a este país o 13 de xuño de 1939

onde el e os seus compañeiros de exilio son agardados por unha multitude que os aclama.

No país azteca retoma o labor literario fundando e codirixindo a revista "Romance" e colaborando na revista "Taller".

A finais de 1941 decide ir a Bos Aires onde vive o seu pai e o agardan amigos como Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Carmen Muñoz, Rafael Dieste, Blanco Amor, Rafael Alberti, etc.

Na capital arxentina é onde desenvolve todo o seu potencial cultural: funda revistas como "De Mar a Mar", "Correo Literario"; colabora en xornais como: "Clarín", "El Mundo", "La Nación"; realiza xornalismo radiofónico, crítico de arte, traducións, etc.

Lorenzo Varela encádrase literariamente na chamada xeración do 36 pois cumpre cos requisitos da mesma: nacer entre 1910 e 1920 e estar formado na República, vivir a guerra civil e reflectila na súa obra e servir de ponte entre os escritores de preguerra e postguerra servíndose dunha grande variedade de tendencias literarias plasmadas na súa obra.

Será na cidade bonaerense onde escriba as súas obras poéticas máis importantes:



"Torres de Amor" (1942) "Catro Poemas pra Catro Gravados" (1944) e "Lonxe" (1954).

En Bos Aires tamén se incorpora á militancia política: afíliase ao Partido Comunista Arxentino colaborando na Fronte Cultural.

En 1956 casa na cidade porteña con Marika Gerstein, muller culta, profesora de

idiomas e de ascendencia xudía.

Pouco e pouco vai sendo unha autoridade moi respectada e querida polos sectores da esquerda bonaerense: comparte tertulias e soños revolucionarios con destacados persoeiros e intelectuais arxentinos. Por este motivo, cando goberna Isabel Perón, as organizacións paramilitares de ultradereita comezan a asasinar a toda persoa

sospeitosa de ideas de esquerda e sobre todo co golpe de estado de Videla (24 de marzo de 1976) os amigos aconséllanlle que fuxa.

Novamente colle o camiño do exilio e facendo escala en Brasil, chega a España en maio de 1976.




Establécese en Madrid onde había pouco morrera o ditador Franco e o Partido Comunista aínda non fora legalizado.

Na capital de España ten moi poucos amigos (podemos contar a Ramón de Valenzuela, Celso Emilio Ferreiro ou Laxeiro.) e en Galicia é un completo descoñecido.

Neste ambiente de soidade e incompreensión morre o 25 de novembro de 1978 en Madrid e os seus restos foron trasladados a Monterroso en 1981. Alí agarda que os seus amigos lle depositen no nicho unha cesta de mazás para cumprir a petición feita en vida. A súa obra galega iníciase con Catro poemas pra catro grabados, para o álbum María Pita e tres retratos medievais de Luís Seoane (1944), reeditada logo como Catro poemas galegos. En 1954 publica Lonxe, no que se inclúen poemas xa aparecidos na revista Galicia Emigrante. En 1979 editárase a súa poesía completa (moita dela espaxada polas máis diversas publicacións).

A súa poesía harmoniza dúas constantes da súa vida: a preocupación pola creación literaria e mais pola arte, entretecida cunha indiscutible postura de solidariedade cos oprimidos na liña da poesía de denuncia, combativa ou socialrealista. Aprécianse tamén temas como a ausencia da terra, a opresión política e tamén o amor. Na maior parte da súa obra subxace un sentido histórico, mítico, lendario e nalgunha medida revolucionario.



Coxe baixo: Díaz, Ferreiro e a súa muller Carme Arias no Castro de Vigo, 1977



EMIGRANTE

¿Quén son eu, quen me
trouxo,
quen me ten de levar?
Lonxe quedou o muiño,
tamén lonxe o piñeiral.
¿Quén é o veciño meu,
o polaco que chora ardentes
bágoas,
ise loiro rapaz que non vai ó
traballo
porque di que o mencer ten
veneno de serpe?

¿Quén son eu, quen me
trouxo?
¿E quen me levará diste
inferno das moedas
ó ceu da caridá?

¡Meu muiño de pan!
¡Meu piñeiral!
¡Meu lar!



Eramos tres irmáns

(A XX. que dábamos por morto na forza franquista, i-a outra noite déronme
novas d'il, vivo e loitando por Galicia i España)

Éramos tres irmáns,
mariñeiros os tres, cada un no seu mar.
Tiñamos a mesma pel de péxegos novos,
cada un dos tres no seu albre lixeiro,
a navegar pol-as augas do tempo.
Mais fixemos un barco de carballo e piñeiro,
e cada un deixou a súa estrela nas gaviás,
para non ter máis que un mar, un barco, un ceo.

Eu era o capitán, t eral-o santo,
i-o outro irmán maior era o todo d'abordo,
tolo de terra leda e de lus e d'orvallo

MARÍA PITA

I

María das batallas,
levareiche unha frol por
cada bala;
i unha cunca de leite
arrebuxada en neve
pra che curar a sede.
¡Sede mortal, varona, a
desta patria:
queima no peito con
ardente brasa!

II

María das batallas,
dareiche un reiseñor por
cada bala,
i unha estreliña nova
no berce d'unha dorna,
núa, espida, graciosa:
Varona dos meus ollos,
unha estrela
que ti ganache, poderosa
e leda.

III

Muller da soberana
libertade,
os artilleiros danche
alferezía
e faite o mar patrona da
cidade.
Din as miñas campanas,
escoitade,
de monte a monte e mais
de ría a ría:
O bronce meu, teu bronce
foi María.



SOMOS XORNALISTAS

NOTICIAS

"A CAMINHADA"

O pasado día 25 de maio os alumnos de 2º e 3º da ESO do IES "Illa de San Simón" fixemos unha caminhada ao concello de Melgaço xunto con outros colexios do Sur de Galicia e Norte de Portugal.

Fomos de Redondela a Melgaço en autobús e unha vez alí fixemos a camiñada, sobre tres horas aproximadamente.



Unha hora antes de comer chegamos a un sitio moi bonito no que había un pequeno río e mesas de pedra onde podíamos xantar.

Despois de ver ben todo o terreo sentamos nas mesas ou no chan e dispuxémonos a xantar. Ó rematar había unha serie de actividades para realizar. Había participantes e tamén público para presenciar os encontros deportivos.

Despois de pasar unha tarde moi divertida e amena collemos o autobús cara Redondela e chegamos aquí ás 7.

O máis bonito desta excursión foi o encontro de distintos colexios, algúns con distinto idioma, e a boa convivencia que mantivemos nesas horas con eles.

Uns días despois da excursión os profesores dixéronnos que a zona onde estivemos quedou chea de lixo e toda noxenta; iso en certo modo decepcionoume xa que me gustaría que todos puidesemos saborear dunha paisaxe pura, limpa e natural como era aquela, sen alterala en absoluto.

Tatiana Domínguez (3º B)



Fomos todo o alumnado 2º e 3º da ESO a Portugal para encontrarnos con outros Institutos do Sur de Galicia e de Portugal para facer unha caminhada polos montes de Melgaço. Subíronnos primeiro a un monte onde comezamos a camiñar e tamén a falar con alumnos doutros centros para facer amigos.

O traxecto foi moi duro, pero algúns fixeron trampas, subiron por atallos. A vista era moi bonita cun ceo claro e despexado, coa vexetación en flor e os bosteiros das vacas polo medio do camiño, isto último non era moi agradable, pero como estaban soltas, fano onde poden. Logo encontramos unha fonte, a súa auga procedía dun manancial do que saía tan fresca que daba ganas de meterte debaixo. Mais adiante baixamos por unha pendente cunha vexetación que se queimara e as pólas que estaban no chan manchábanos as pernas e tamén nos rascabamos.

Ao chegarmos á estrada andamos uns metros máis e chegamos á meta, case todos estaban xa abaixo! No lugar no que comemos había un río e nada máis chegar algúns dos meus compañeiros xa se estaban refrescando.

Á hora de xantar botamos unhas toallas no chan e comemos, pegaba forte o sol e algúns aproveitaron para pórse morenos.

Pola tarde fíxeronse uns campionatos de fútbol, voleibol e tiro da corda. Eu aproveitei e metínme no río, estaba frío pero pagaba a pena.

Ás seis e media marchamos cara Redondela e aínda no bus co cansados que estabamos, había xente cantando e seguindo coa festa.

Patricia Álvarez (3º B)



O día 25 de maio de 2005 os cursos de 2º e 3º da ESO saímos a facer unha excursión a Melgaço (Portugal), ao chegar alí paramos nun colexio

portugués para ir con eles e indicarnos o camiño. Cando baixamos do autobús, comezamos a camiñar monte arriba.

Cada autobús tiña un itinerario pegado no cristal, e dicían que o noso parecía ser o máis fácil, pero eu non o creo porque algunha persoa, incluíndome eu, chegou case coa lingua de fóra, do custoso que era subir

todos aqueles montes: o único que se podía ver era monte e nada máis que monte.

Cando chegamos a unha explanada cunha especie de parque cun río, déronnos a comida, ben a iso non se lle podía chamar comida, porque só

levaba dous moletes de pan portugués con xamón asado dentro (sen salsa e sen nada) unha mazá e unha botella de auga.

A excursión estivo moi ben, pero podían poñernos a todos o mesmo itinerario e un pouco máis fácil (sen ser tanto monte).

Eu, en parte, tamén estou cos profesores no da limpeza, porque deixamos o parque feito unha "merda" e perdón pola expresión, pero é verdade.

Se os anos próximos fan isto outra vez, ao final da comida e antes de marchar do sitio no que se estea, que poñan nas actividades unha recollida



colectiva de lixo para que non queden os lugares cheos de porcallada e para non quedar mal diante doutras persoas.

Laura García Durán (3º B)

ARTIGOS DE OPINIÓN

Percorrido polos lugares máxicos de Redondela

Hai uns días o profesor Xosé Couñago veunos dar unha charla sobre lugares máxicos da nosa vila, Redondela. Falounos de fontes con propiedades curativas, camiños onde se cruza a temible Santa Compañía, mouras que gardan tesouros en pequenas covas e testemuños de persoas que confirman estes feitos.



A min, o que máis me abraiou foi o testemuño dunha muller que afirmaba que o seu home fora coa Santa Compañía en varias ocasións e que recordaba como se cruzaban varias destas procesións de espíritos na busca dos falecidos recentes.

En xeral, pareceume moi interesante e entretida agás nalgunhas ocasións.

Xoel Pérez (2º B)

A conferencia sobre o percorrido polos lugares máxicos de Redondela que nos deu con moito interese Xosé Couñago, gustoume moito porque contábache fantasías que antes se crían máis que agora.

Contou moitas lendas, pero a que máis me gustou foi a das mouras que se convertían en serpes e mataban os rapaces que as querían conquistar tirándoos polo precipicio xa que ningún consegue desfacer o encantamento.

Tamén me gustaron as diapositivas coas fotos dos lugares máis bonitos de Redondela e eu aprendín cousas novas que antes descoñecía.

Rebeca Montes (2º B)

A conferencia que nos deron o luns pareceume algo irregular, tiña puntos interesantes pero outros resultaron aburridos.

Os momentos nos que explicou o tema das augas que axudaban a que houbese un bo parto pareceume infinito. Outros temas que me resultaron pesados foron as explicacións sobre ritos para vivir mellor.



Estábame resultando aburrida a conferencia ata que chegou aos últimos puntos como o da Santa Compañía ou a moura encantada en forma de serpe. Home, o da moura gustoume porque eu penso que hai que ser moi parvo para intentar bicar a unha serpe xunto a un precipicio, o máis seguro é que caias.

O tema dos dolmens e como van desaparecendo por culpa do progreso resultoume curioso, pero nada máis.

Non coñecía que en Redondela houbese tantas lendas e lugares máxicos, pero iso si, non me gustou que na conferencia non se falara nin de pasada da Coca (refírome á lenda) xa que na mesma suponse que se falaba das lendas en Redondela e esta é das máis coñecidas.

Pablo Lago Fdez. (2º B)

TEATRO

Un ano máis, baixo a dirección de Nuria Guardiola, o grupo de teatro “A coca do Illa” puxo en escena a obra “O burro é Real”. O resultado, como non, foi excelente. En palabras da autora-directora, a obra consistían en:

“A peza de teatro que montamos esta ano co título “O burro é Real” foi unha adaptación dun conto recollido no libro dos exemplos do Conde Lucanor e Patronio escrito por Don Juan Manuel alá polo século XIV en terras de Castela

A ensinanza que debemos obter xa sabedes ben cal é:

Se actuamos deixándonos levar polas consellas dos outros e inducidos polo medo ao que poidan pensar de nos, de seguro que remataremos facendo verdadeiras burradas”.

Verdade que parece sinxelo? Claro que si, porque só os artistas son capaces de crear, a partir de cousas simples, obras de arte. Moitas grazas queridos artistas. Queremos, desde aquí, dicirlles un ATA LOGO ás “teatreiras e teatreiros” de 4º que nos deixan por razóns obvias. Moitas grazas pola vosa arte.
















REPORTAXES

ALDEAS INFANTÍS SOS

Introdución:

Eliximos este tema porque temos varios amigos nun centro de aldeas infantís s.o.s.

Sen ir máis lonxe, unha das compoñentes deste grupo vive alí. Así que nos pareceu unha boa idea investigar sobre este tema, para acercarnos un pouco ao seu modo de vida e coñecermos que tipo de actividades adoitan facer.

Que é Aldeas Infantís SOS?

Aldeas Infantís SOS é unha organización de axuda á infancia de carácter privado, sen ánimo de lucro, interconfesional, independente de toda orientación política e de ámbito mundial.

Esta organización está dedicada fundamentalmente á integración familiar e social dos menores en situación de desamparo que lle son confiados, así como a proporcionarlles unha formación sólida ata a súa emancipación. Preténdese así que cheguen a ser, e sobre todo se sintan, cidadáns válidos para a sociedade.

Orixes:

Aldeas Infantís SOS creouse en 1967, sendo constituída como asociación en 1981 e declarada de utilidade pública en consello de ministros no ano 1983.

Actualmente hai oitos aldeas infantís sos: En Barcelona, Pontevedra (Ventosela – Redondela, a segunda que foi construída), Madrid, Granada, Cuenca, Zaragoza, Sta. Cruz de Tenerife e As Palmas.

Instalacións de aldeas infantís sos en Ventosela.

O número de fogares s.o.s. construídos son 12. Casa do director, casa comunal coa oficina e as habitacións dos axudante de fogar.

A capacidade da aldea é de 72 nenos.

Persoas que viven e traballan na aldea: secretaria, traballador social, pedagogo, educadores e persoal de mantemento.

Outros recursos dependentes: residencias de xoves.

Outras colaboracións laborables: director, psicólogo, axudantes de fogar, 12 nais e 6 tías s.o.s.

Outros dispositivos s.o.s.

Cando os mozos que viven nas aldeas cumpren 16 anos ofrécenlles outros recursos como os CPS (residencia onde poden seguir vivindo á vez que traballan ou proseguen os seus estudos).

Ademais dos CPS tamén lles son ofrecidos outros recursos como:



- Programa de seguimento e apoio para os nenos que viviron na aldea.
- Programa de inserción laboral.
- Pisos para xoves.
- Centros de día.

Entrevista a unha educadora de Aldeas Infantís de Redondela.

Pregunta: En que consiste Aldeas Infantís SOS?

Resposta: É unha organización de axuda á infancia de carácter privado sen ánimo de lucro, interconfesional, independente de toda orientación política e de ámbito mundial.

P: De que tipo de instalacións dispoñen?

R: Dispoñen de dúas aldeas, un CPS e dous CAD (centros de día). Dentro da aldea hai oito casas, unha casa de visitas, unha biblioteca, un almacén, unha casa comunitaria, oficina e a casa do director.

P: Que tipo de nenos viven aí?

R: Teñen que ser nenos aos que, por diversos motivos, os seus familiares non poden facerse cargo deles en determinado momento.

P: Que fan en vacacións?

R: A maioría van ás súas casas ou a un campamento.

P: Canto tempo levas traballando aquí?

R: Nove meses.

P: Por que decidiu traballar aquí?

R: Porque un día deume unha tolemia e decidín deixalo todo para axudar a estes nenos.

P: Gústalle o seu traballo?

R: Si. Creo que é unha boa maneira de axudar á comunidade.

P: A xente que traballa aí é xente de fóra ou que viviu aí?

R: Non hai ninguén de dentro.

P: O traballo é pagado ou voluntario?

R: As dúas cousas.

LENDAS REDONDELÁNS

A Coca: unha tradición lendaria.

Cada ano o día do Corpus celébranse grandes festas en Redondela. A figura máis rechamante e representativa delas é a Coca. A Coca é un animal monstruoso con corpo de dragón e cola de serpe, que vive nas augas dos mares e dos ríos. Das costas nácenlle dúas ás moi parecidas ás dos morcegos, dun enorme tamaño en comparación co resto do corpo. Ten catro patas provistas de gadoupas.



No seu rostro brillan uns ollos terribles e na boca amosa afiados dentes. Este dragón presentouse un día, de súpeto, en Redondela. Xurdiu das ondas do Atlántico, que estaba moi embravecido, e no seu primeiro ataque raptou a dúas nenas que xogaban na praza da vila. Repetiu moitas veces eses ataques, levando sempre ás máis fermosas mozas. Os veciños de Redondela escolleron vintecatro homes fortes e valorosos para que atacasen a ese monstro ao denominaron Coca. A campá da igrexa serviu para avisar da chegada do monstro e os vintecatro elixidos, entre os que estaba Xan Carallás, que é do único que se sabe o nome, déronlle morte coas súas espadas.

Formouse inmediatamente unha grande procesión e os loitadores iniciaron unha danza arredor do dragón morto e as mozas seguiron o baile erguendo nos seus ombreiros as meniñas máis pequenas ás que agora xa podían amosar danzando con elas no alto. Velaí a orixe da danza das espadas e o baile das penlas cos que anualmente se celebra a morte da Conca desde tempos moi remotos.



O nome da Coca parece que procede de crocodilo, interpretado como unha cobra con patas. Actualmente na celebración da Coca unha representación deste monstro recorre as rúas da vila abrindo e cerrando a boca e movendo a cabeza, levando na súa barriga os nenos que queiran entrar. Tamén se cantan coplas coma estas:

Outra vez temos a Coca
De ruada en Redondela,
Non abrirá moito a boca
Para que non fuxan dela.

Aquí fas quen sempre fas
Aquí fas quen sempre vela
Aquí fas Xan Carallás
Fundador de Redondela.



Ledicia en Redondela, volven os maios.

O primeiro de maio celébrase en Redondela a tradicional festa dos maios agardada por todos os choqueiros. Esta tradición vén de antano e teñen por costume mantela grupos de xoves da vila.

A orixe da tradición non está moi clara pero a máis posible é que fose introducida polos celtas ou polos iberos. Coa chegada dos romanos fíxose máis famosa porque eles contaban no seu panteón relixioso con varias divindades ou deuses protectores da vexetación e dos animais das que algunhas recibiron culto aquí na nosa terra. Simboliza a chegada da primavera.

Os participantes comezan un mes antes a construír a estrutura do maio, esta é de madeira e cartón. Durante este período os integrantes do grupo inventan coplas que son versos escritos en galego que serven para criticar publicamente diversos aspectos da vida e sociedade redondelán:

Tanto choco, tanto choco
Arranxade o pavillón
Que estando no vestiario
Fai un frío de collóns.

Uns días antes de que o maio sexa exposto publicamente recóbrese o armazón cos elementos tradicionais seguindo este proceso.

1º.- Recóllense no monte os elementos decorativos que poden ser fiúncho, coquiños dos eucaliptos, flores, etc. Tamén se poden utilizar alimentos como ovos, laranxas, que son os máis tradicionais; café, noces ou cacahuetes, que son os máis novidosos.

2º.- Cósese o fiúncho con unha tanza introducindo a agulla polas pólas e sacando os anacos malos, facendo tiras. Con eses elementos recóbrese toda a estrutura sendo condición que non se vexa nada, nin do cartón nin da madeira.

Inténtase facelo o máis orixinal e vistoso posible para gustarlle ao xurado e gañar os premios: mellor maio tradicional e mellor maio artístico.

Despois de todo o esforzo pasado chega a noite do gran día. Os xoves finalizan os detalles do maio e pasan a noite ensaiando as coplas que van representar ao día seguinte e poder gañar o premio ás mellores coplas.

O día 1 de maio os participantes levan moi cedo o seu maio ao lugar que lles asignou a organización. Despois da súa exposición os integrantes soben a un palco e dan voltas arredor do seu maio cantando as coplas e o resto dá voltas marcando o ritmo con uns paos.

A vestimenta para facer esta representación é un pantalón vaqueiro con remendos, unha camisa branca e unha boina.

Se todo sae ben poden acadar o premio á mellor interpretación.

Máis tarde cando teñan pasado todos os grupos polo palco, o xurado decide e anuncia os gañadores. Despois de todo isto os mozos celebran o seu triunfo lembrando así este fermoso día.



CREACIÓN LITERARIA

ACTA DA CUALIFICACIÓN DO VI CONCURSO DE NARRACIÓNS CURTAS

IES ILLA DE SAN SIMÓN

O xurado do VI Concurso de Narracións Curtas IES ILLA DE SAN SIMÓN, constituído polos membros do Departamento de Lingua e Literatura Galega: Dona Elvira López Alló, Don Xosé Alberte Platero Varela e Don Xosé Luís Clemente Ledo, reunidos o 10 de xuño de 2005, decidiu conceder os premios deste concurso convocado pola ANPA “Paulina Sánchez Otero”, o Departamento de Lingua Galega e Literatura e o Equipo de Normalización Lingüística do IES Illa de San Simón aos seguintes participantes:

1º premio: A música de Xaquín de Xosé Antonio Dopazo Darriba de 2º A .

2º premio: Lenda do rei de Xael Leirós Veiga do curso 2ºB.

3º premio: A ollada no espello de Marta Cons Jordano de 4º A.

Para facer público este fallo, asinamos a presente acta en Redondela a 10 de xuño de 2005.

1º PREMIO

A MÚSICA DE XAQUÍN

por Xosé Antonio Dopazo

Xa non se lembraba do fermosa que era a ría, do ben que sabía o bater do vento na cara... a nosa ría, a máis bonita do mundo.

O señor Bieito xa tiña máis de oitenta anos, pero tódalas mañás acordaba moi cedo, tomaba unha cunca de leite con anacos de millo, e saía da casa camiño do peirao. Sempre pensei que se non puidese ver o mar de preto cada día aquel home non duraría moito tempo.

Eu, daquela aínda era un cativo, tiña dez anos, sentábame no banco da entrada da miña casa á espera do Luís para ir á escola, e o señor Bieito pasaba polo camiño co seu caxato, co seu sorriso inconfundible.

.- ¡Ola Xoán!. Vou ó peirao a ver os barcos.

.- ¡Ola señor Bieito! (respondía eu). Xa irei velo á tarde.

Todos os días dicía o mesmo, e eu sempre respondía igual. Era como o avó que nunca tivera, así que as tardes dos sábados alá íamos eu, o Luís e mailo Miguel nas bicicletas ata o peirao, a ver os barcos, a brincar na praia, e a oír as historias do señor Bieito.

O señor Bieito sempre fora mariñeiro, daqueles homes que pasara máis de media vida enriba dun barco de pesca, en alto mar. Tiña a pel das mans engurradas, unha voz forte e uns ollos enormes, moi expresivos, cativadores e contaba historias como ninguén máis o facía. Nin no cine falaban tan ben. Todo o mundo o coñecía. As mariscadoras saían moi cedo para o mar, e cando voltaban cos cestos cheos de ameixas, de navallas, de berberechos, o señor Bieito chamaba por nós e ensinábanos os nomes de todos eles, ata sabía de que sitio era cada un.

.- Estes da cuncha escura que rematan en pico son da ría (dicía el).

.- ¿E estes tan brancos con raias escuras señor Bieito?

.- Esas tamén, pero esas son ameixas, un día destes temos que baixar á praia e dígovos onde se atopan. Hoxe xa non, a marea xa está alta.

E contábanos que a marea sube e baixa todos os días, e hai mareas grandes e pequenas, e que iso dependía da lúa. Cantas cousas sabía aquel home. Hoxe é sábado, así que agarramos as bicicletas e fomos dar unha volta ata o faro, que estaba ó final do peirao. Xeralmente hai moito movemento no porto, barcos que chegan e saen, redeiros que arranxan redes alí sentados, mariñeiros que descargan caixas de peixe, outros que limpan aparellos... pero hoxe hai pouco barullo e pouco peixe, case ningún.

Di o señor Bieito que dende hai uns días case non se pesca nada, as redes voltan baleiras ós barcos, e ninguén sabe o que acontece. Martín, o pequeniño (chamábanlle así porque medía case dous metros), é capitán dun dos maiores barcos da vila, e fala que viu unha sombra branca e negra no mar, preto das illas Cíes hai unha semana, algo que non se parecía a nada que el vira antes. Naquel momento a rede estaba na auga xa había tempo, sabían que había un banco enorme de sardiñas alí... pero non apareceu ningunha na rede. Nunca lles acontecera algo semellante, e o mesmo sucedera en varios días seguidos.

O señor Bieito anda moi calado estes días. Outros mariñeiros falaron xa da misteriosa sombra negra e branca, pero ninguén sabe o que é nin o que sucede realmente, e cada

día as redes aparecen baleiras. Este luns pola tarde saen tres embarcacións que van ata á entrada da ría para dar unha volta; eu, Luís e Miguel queremos ir, pero posiblemente non nos deixen porque somos aínda pequenos, pero nós sabemos que os barcos saen ás seis, por iso ás cinco subimos á bordo e escondémonos debaixo dunhas caixas na zona de popa. Nós tamén queremos ir á aventura. O mar está calmo, é unha tarde quente e agradable do mes de maio, os mariñeiros andan ocupados na proa, e podemos oír o barullo da radio cando se comunican con outros barcos. Queríamos saír para ver o que pasaba, pero o Luís anda medio mareado, a merenda andáballe ás voltas no estómago, así que despois de unha hora no mesmo sitio decidimos que sería mellor saír e descubrírnos, antes que esperar alí oíndo as queixas do Luís.

O señor Bieito que tamén facía parte da tripulación como convidado, non quedou sorprendido cando nos viu aparecer polo costado de babor, botou un sorriso polo baixo, e díxolle ó Martín que eran cousas de rapaces. O Martín díxonos que podíamos quedar se sentabamos nun cantiño onde el puidese vernos de preto. Estabamos salvados, a nosa misión de investigación seguía en marcha, pasabamos ao plan B, sentados nun canto preto da borda onde dese para vixiar o mar. O Luís ata tiña uns prismáticos que o pai gardaba nun armario vello no faiado, dos tempos que fora militar. Agora podíamos facer quendas de vixilancia, e o señor Bieito ó noso carón dábanos instrucións e cono debíamos regular a lente dos prismáticos, e ensinábanos a falar entre nós en código "Morse" (así ninguén sabería os nosos avances). Só sabíamos dicir algunhas palabras, pero xa era un comezo naquel código novo, do que nunca oíramos falar. Habíache formas realmente moi raras de falar no mudo. A nosa aventura chegara ó fin ás nove cando chegamos ó porto e sen novidade no fronte, como dicían os indios nas películas do oeste.

Á maña seguinte catro mariñeiros da vila falaban tamén da sombra negra e branca, que aparecera preto das illas Estelas alá fora da nosa ría. Unha sombra que se vira cando a rede comezaba a encherse, e que finalmente se recollera baleira.

Aquel sábado había festa na casa, a miña nai facía anos e tocaba comer de restaurante, ou iso pensaba eu.

.- ¿Hoxe comemos fóra?, preguntei ao meu pai pola mañá.

.- Si, hoxe si, que está bo tempo e vai calor.

E meu pai tiña razón, aquel día, sacou unha mesa daquelas de plástico e púxoas no xardín, con o seu hule, as cadeiras, os pratos, e eu púxenme a ollar. - Claro, comemos fóra: no xardín. Que simpático era meu pai ás veces.

Pero foi divertido, e o mellor e que había percebes, encantábanme os percebes.

Pola tarde baixamos ó porto, e aquel día tiñamos a nosa historia esperando, e cando o señor Bieito ía xa pola metade (na parte que os piratas rouban o tesouro); vimos o barco do Martín, que tiña quince metros de eslora e un aparello que xiraba enriba da cabina de mando. Preguntei que era aquilo que daba voltas, e o señor Bieito díxome que era un radar.

.- ¿Un radar?, repetiu o Miguel.

Pero o señor Bieito estaba en silencio, pensativo, calado, e de súpeto levantouse e despediuse de nós. Había xa tempo que algúns barcos tiñan radar, pero había algo que poucos barcos tiñan: o sonar.

Aínda non o sabía pero era unha boa hipótese do problema que os mariñeiros padecían; aquela tarde empezaron a facerse quendas por mor de vixiar a entrada da ría entre a península do Morrazo e as Cíes, e ó fin do quinto día viuse a sombra negra no mar. A sombra deu a volta e semellou ser branca, e parecía que unha onda xurdía nas augas, unha onda que medraba e se movía cara ó barco. O señor Bieito levantouse e mantívose de pé sen retirar os ollos do mar: .- Non é posible, dixo el.
.- Unha orca. Non podía ser verdade...

Pero non había dúbida, aquilo que se movía en dirección a eles era unha balea enorme,

unha orca, pero alí na ría non parecía real, era un soño, máis do que un soño a causa do pesadelo dos mariñeiros.

E no seguinte sábado, alí sentados no chan, á volta do señor Bieito, nós oíamos o relato, polo visto e segundo el nos contaba, as orcas, de unha en unha ou en grupo, eran unhas cazadoras excelentes, e un dos animais máis intelixentes. Ninguén se explicaba como aparecera a balea naqueles lugares, o que si sabían e que semellaban usar o sónar dos barcos, e así encontraban con maior facilidade os cardumes de peixes. A orca dedicábase agora a seguir os barcos que tiñan o sónar activado, e despois a capturar o peixe antes de que fose parar á rede. E non había forma humana de impedir que continuase a súa práctica, era sempre máis rápida do que os pescadores.

Era realmente admirable o que aquel animal facía. Ninguén sabía como afastalo da ría, ninguén agás o señor Bieito, que chamou ó Xoaquín, o gaiteiro da vila, para que saíse con eles ó mar. Foron no barco do Martín ó día seguinte.

O Xoaquín tocaría a gaita para levar a balea fóra da ría, o señor Bieito quería que aquel home se convertese no "fautista de Hamelín" da vila, como naquel conto para nenos onde unha cidade quedaba sen ratos con a axuda do músico.

O Xoaquín xa estaba na proa, enriba dun monte de redes, enchera o peito de aire e comezara a soprar e a tocar, tocaba moi ben. Era unha música moi alegre, moi fermosa. Todos nós pensabamos que non había nada máis belo que aquilo, e de súpeto a balea apareceu ó lado do barco, tan preto que parecía que podía baternos. Era o máis asombroso que nos tiña acontecido na vida. Durante unha hora o animal seguiu pegado ó barco, tiña uns ollos pequenos pero semellaba entender o que queríamos facer, e despois o Xoaquín parou, e a orca tamén parou, somerxeuse na auga e desapareceu. O gaiteiro tocou de novo, e a orca desapareceu. O gaiteiro tocou de novo, e a orca apareceu na superficie, e o Xoaquín repetiu o que fixera antes, e aconteceu o mesmo con a balea. Polo visto a orca seguía o son da gaita, parecía que lle encantaba.

E así saíamos lonxe das illas Cíes, con o Xoaquín a tocar a gaita na proa do barco, e con unha balea enorme á nosa beira. Cando xa estabamos moi lonxe da terra o gaiteiro parou de tocar, a orca escondeuse no mar, e non voltamos a vela.

O barco regresaba á casa, e eu e o señor Bieito, aínda emocionados seguíamos procurando a balea no mar para despedirnos dela, pero non se vía sombra negra e branca ningunha. Dende aquel día os peixes voltaron ás redes dos mariñeiros, e a vila recuperou a súa vida de sempre.

Un ano despois, o señor Bieito propúxolle ó Xoaquín saír outra vez no barco e tocar a música que levara á balea mar adentro, e el aceptou, todos tiñan curiosidade. E alá fomos todos no barco outra vez, a gaita soou de novo sen que aparecese nada. Despois de tres horas quixeron voltar pero o Xoaquín aínda tocaba, o Martín deu un berro e sinalou para o lonxe: había unha balea branca e negra, que aparecía e desaparecía na superficie; e o seu lado había outra, unha balea branca e negra pequena, era a súa cría. Foi a última vez que vimos á nosa amiga, e iso foi hai vinte anos.

O Luís agora ten un barco, e saímos algúns amigos cada mes ata á entrada da ría, mar adentro, á procura da orca, pero nunca máis ninguén a viu. O señor Bieito xa morreu hai algúns anos. Eu estiven dez anos en Madrid, pero non me esquecín daquela imaxe das baleas, e nunca me esquecín do fermosa que era a nosa ría, a máis fermosa do mundo.

2º PREMIO

LENDA DO REI

Xoel Leirós

Era unha época de mitos e lendas, de valorosos heroes e noxentos asasinados, unha época chea de escuridade, loitas, traizóns, e nas que a humanidade vivía baixo o temor de criaturas medoñentas e arrepiantes, que aterraban ata aos mesmísimos deuses e facían tremer aos xa mortos no interior das súas tumbas.

Corría nada máis nin nada menos que o 700 a.C., e esta historia comeza nalgún lugar daquela Irlanda nai de Breogán assolada pola fame e derruída polos bastos e crueis viquingos, que atacaban, saqueaban e queimaban ata a última aldea dos feros pero escasos celtas, que eran masacrados por multitudes de miles de invasores procedentes da xigantesca Escandinavia, da que viñan e voltaban nas súas veloces embarcacións aproveitando os ventos favorables ao máximo.

Daquela, en Irlanda reinaba como podía o pai do noso heroe, Maelgun, un home xa vello e feble, de mesta barba branca cuns ollos azuis como o ceo, co rostro medio desfigurado polas antigas cicatrices das grandes batallas dos seus tempos como mozo soldado. Antigamente, loitaba nas poderosas filas celtas, minguadas co paso dos anos nas pelexas con outros pobos e nacións.

Breogán, o seu valoroso fillo, substituíao agora como xeneral nas longas campañas militares no norte, a zona máis castigada polos invasores. Este era de cabelos dourados como o mesmo metal precioso, tan apreciado na época; de cara ruda, e con bolechas avermelladas; cellas espesas e barba moi curta deixando medrar tan só unha mesta perilla. Era de constitución forte, robusto e esvelto con dúas grandes mans das que di a lenda **“con elas facía migallas ata a máis resistente pedra”**, en resumo, un home lanzal e viril, feito e dereito. Era de carácter competitivo cunha alta estima da honra; sempre a disposición do seu pobo; ao que quería máis que a si mesmo e afirmaba que era a súa única e verdadeira paixón. A súa vida transcorría de campaña en campaña, dun lado a outro da costa norte de Irlanda, cos seus pensamentos divididos entre a batalla e a feble saúde do seu pai, exposto a terribles enfermidades causadas polo frío intenso das súas terras.

Todo comezou a torcerse nunha das moitas misións de Breogán, de súpeto, coma saídos do inframundo, tras unha intensa néboa dun día calquera de inverno, un gran exército de naves viquingas asoman por mar a toda vela, desafiantes contra as defensas da praia de Cunedá dirixidas por Breogán e os seus feros xenerais. Soa un atronador e estarrecedor corno viquingo, e empezan a escoitarse afastados e aterradores brados de guerra. Nese intre unha nova chega pola boca dun informador: o rei acababa de morrer había uns días e os altos cargos pelexan polo poder na fortaleza de Ainmire. Mentres, os invasores están a piques de desembarcar e Breogán debe decidir se loitar ou voltar e impoñer a orde, iso si, perdendo un punto estratéxico e clave da defensa céltica, xa que se os inimigos lograran tomar Cunedá, a chegada de tropas invasoras sería constante. Atópase entre a espada e a parede e cando volve das súas cavilacións e quere reaccionar, os flancos do seu exército xa están arrasados, as liñas defensoras desfeitas e os valorosos soldados fuxindo sen orde. O noso heroe só pode recuar no seu rápido corcel a todo galope cara ao fortín onde xace o rei morto, case no outro extremo da xélida Irlanda. Ten que atravesar un país en guerra contando coa única axuda de cinco dos seus xenerais.

Breogán estivo cabalgando día e noite, día tras día a través de escuras fragas, fondos ríos xeados e incluso misteriosos pantanos ata que, derreados e case incapaces de seguir, el e os seus xenerais coas súas monturas, teñen que deterse polo cansazo no paso das montañas do Brude: diante deles un lago xeado que terían que atravesar se non querían dar un rodeo e perder tempo, impedíalles o avance. Nestas cavilacións xorde outro problema: Olaf Haraldson, fillo do gran rei Godofredo e un dos invasores que os levaba seguindo dende a retirada da praia, apareceu de súpeto pola retagarda nesa neboenta mañá. Inmediatamente, os soldados celtas botaron man dos seus arcos de longo alcance para tentar detelos, mais se non o lograban, pronto estarían a tiro dos besteiros inimigos. Só había unha solución crebar o xeo sen demora. Conall, xeneral e amigo da infancia de Breogán sacou o seu machado e aproximándose ao centro do lago bateu no xeo cunha forza sobrenatural unha e outra vez, ata que o rompeu cortándolle o paso aos viquingos. A súa fazaña pagouna cara, pois pronto as frechas atravesaron a súa armadura feríndoo de morte sen que os demais puidesen facer nada por el. Breogán e os seus fieis xenerais proseguiron o camiño, esta vez a pé, tentando deixar atrás aos viquingos, agora a unha gran distancia grazas ao sacrificio de Conall. O obxectivo agora era chegar o antes posible á fortaleza.

Pasados varios días, percorridos decenas de quilómetros, por fin avistaron a esplendorosa fortificación do monte Ainmire. Tal e como foran informados, loitaban dous bandos: os que apoiaban o reinado de Breogán -que constituían a meirande parte do exército- e os que apoiaban ao traidor Diarmait, que eran menos, pero coa fortaleza baixo o seu dominio. Os combates sucedíanse e Diarmait seguía resistindo. O

noso heroe tiña só dúas opcións , ou ben podía fuxir cara ao sur e embarcarse cara ao descoñecido ou loitar entre un fogo cruzado ata a morte. Sabía que desta última maneira serían masacrados sen posibilidade de vitoria e moitos homes desertarían antes de loitar sen esperanzas de sobrevivir , así que , tomou a difícil decisión de fuxir, pero non sen antes xurar que algún día volvería para reclamar Irlanda, o seu furtado reino, e que cando voltara ningún o podería deter.

Así foi como Breogán tivo que deixar Irlanda e viaxar cara ao descoñecido na compañía de oitocentos homes e mulleres, con escasas provisións e repartidos en once rudimentarias embarcacións de transporte, mercadas de estraperlo no vello porto de Macbeth.

Despois de varios días de viaxe cara o sur , case sen comida a bordo, navegando nunha mar picada , con pouca visibilidade e case sen esperanzas de sobrevivir, avistaron terra . A embarcación de cabeza quedou varada nun areal dunha terra descoñecida.

Alí foron recibidos por bravíos corvos, salvaxes píllaras e chiadoras gaivotas que chirlaban feramente ante a súa presenza.

Máis aló do areal, agrestes toxearas pechaban o paso cara un longo val que remataba en suaves cumes sementados de piñeirais docemente pintados dunha grande variedade de verdes.

Entón Breogán di ***“Este será o meu novo fogar, a miña nova terra , aquí fundarei unha nova nación máis forte e unida que sempre perdurará”.***



IES ILLA DE SAN SIMÓN maio de 2005

3º PREMIO

A OLLADA NO ESPELLO

Marta Cons Jordano

- E ti, ¿Por que me miras tan fixamente?
- Quería saber en que estabas pensando
- Pregúntamo...
- Moi ben. ¿En que pensas?
- Pois...a verdade, non o sei.
- En realidade, sabía que non o sabías, por iso indagaba na túa ollada
- Entón, axúdame a descifrar o meu interior
- Lembra, só lembra...
- ¿Que pretendes que lembre?
- Simplemente pon a mente en branco e dime que é o primeiro que che ven á mente
- El, só el...
- ¿Quen?
- Só teño unha vaga noción.
- Non che entendo...¿Que che pasa?
- ¡Se o soubera non estaría a falar contigo!
- Só pretendo axudarte
- Ata agora, o único que conseguiches foi confundirme
- Moi ben, iso significa que che deches conta...

De súpeto, a enfermeira petou na porta, asomou a cabeza pola rañura entre a porta e o marco e entrou na habitación

- Estás tardando moito. ¿Pásache algo? Ademais...oínte falar con alguén, e polo que vexo, estás só na habitación...e xa sabes que aquí os móbiles ¡ESTÁN COMPLETAMENTE ... Si!
- Eh, non estaba falando...debeu de ser na outra habitación.

(O corredor estaba deserto)

- Si, claro...en todo caso, só quería dicirche que se estás lista, poderías vir connosco xa.
- Si, xa vou co resto
- Ben, non tardes...

A enfermeira dispúxose a saír

(...)

- Debo irme
- Seino, logo vémonos.
- Si, xa nos veremos, e falaremos de novo
- Vale, deica logo

A conseguiu saír e foi co resto do grupo. Incluso despois de repetir esa conversa non conseguiu acadar o que tanto ansiaba:
Desvelar o misterio que supoñía o seu propio eu...

SMAA

COLABORACIÓN ESPECIAL

O PEDREIRA 3

Nuria Guardiola

-¿Como? ¿Que xa vos contaron este conto? ¿Quen?

-Si, contacontos, un contacontos

-¡ Pero se este é un conto literario! ¡O gato negro non é o gato con botas, caramba!

A ver como o digo para que me poidades entender: ¡ pequena traizón! Si, eso é. Algo así como que vos conten unha película e revelarvos o final antes de ir a ve-la.

O gato negro hai que lelo e nada máis, porque o verdadeiro alcance do relato queda desvirtuado coa intervención doutro tipo de intermediario. E aínda que pareza que non veña a *conto* vou relatarvos o que me aconteceu a bordo daquel barco chamado Pedreira do cal xa vos falei noutras ocasións, pois Zarparamos do destino fan que o partícipe activo desta anécdota sexa un gato que, por certo, tamén era *negro*.

Zarparamos un venres polo San Martiño de madrugada dende o porto de Bouzas cara as Illas espléndida. A mañá da outonía viña fresca e tinguída dunha luz nítida e espléndida. Meu pai, segundos antes de saír, preguntarlle a este, meu irmán, se collera a empanada do maleteiro do coche. Asentiu este coa cabeza cadernas a mirada sobre a escotilla que permitía acceder a un espacio que se aproveitaba entre as cadernas do casco, especie de bodega que utilizabamos frecuentemente para gardar os víveres.

Dispuxemos de todo o necesario para intentar *co incerteza*. As veces caían rinchas ou agullas. Cando levabamos un bo rato de navegación, comezamos a escoitar golpes no interior do casco. Paramos motores cheos de incerteza. brillaban abriu a escotilla da bodega e meteu a cabeza.

-¡ Que carallo fai este gato aquí! ¡Un gato!

Quixen comprobar o que estaba a afirmar e achegueime ata alí. Efectivamente, no fondo do recuncho escuro brillaban, danzaríns, dous ollos verdes. Meu irmá meteu a man co obxectivo de por a empanada e a bola de pan a salvo, pero o animal, furioso e a velocidades de vertixe, largoulle uns saíra no brazo. Cerramos a escotilla violentamente, temendo que saíra de alí entolecido como estaba ¿Que se podía esperar dun gato fora de si sobre unha cuberta de oito metros de eslora?

Os chimpanzés e golpes que o animal pegaba eran cada vez máis fortes. Adeus, empanada -pensei.

Recollemos toda a artillería de tanzas e anzois, pois o acontecemento tíñanos en tensión; os ánimos xa non estaban para a pesca.

Ao chegar ás Illas, amarramos no peirao. Meu pai abriu con moito aquel a escotilla e marchamos do barco renunciando á empanada. Agardábase a que o gato, ao sentirse so, acabaría abandonando a súa condición de intruso e inoportuno silueta. Detrás das dunas e cun ollo posto no barco, abrimos e repartimos un par de latas de alcriques; era todo o que dispuñamos - dixo meu pai:

-As conservas a pau seco, saben a pouco aínda que tomes un cento.

De seguida a silueta do gato cruzou lixeira e con discreta elegancia o peirao para desaparecer, furtiva, detrás da construción pechada e solitaria. Exceptuando un pequeno barquiño que fondeara no outro extremo da praia, estabamos sós. Cando volvemos ao barco comprobamos a desfeita da empanada, recollemos os desperdicios e os deixamos á intemperie, alimento para gaivotas.

Sobrevivente, nativo e único habitante permanente das illas, veu canda nós, fiel á botella de augardente coa que meu pai agasalláballe cada vez que iamos alí. Sobrevivente de linguaxe personalísima e forxada na intemperie de soliloquios, levantou o dicir en xesto de cortesía e dixo o que tiña que dicir.

-¡Raio trouxo o mouro, carallo! ¡O practicamente, redíos! ¡Que mouro fuxiu por alí, pa tras!

Comunicounos que se sentía inquedo, pois mirara un gato negro e que nas Illas traían mala sorte. Contámoslle que estabamos practicamente sen comer a conta do bicho e pedímoslle que nos acompañara por ver se eramos capaces de coller algún polbo. Non deu mostra de escoitar a nosa suxestión e pegando grandes tusidos explicounos que tiña a cabeza e o peito *el*, e que a *giripe* case acaba con el días atrás. Agradeceu o augardente e foise para a súa chabola a facerse unhas queimas que o ían poñer novo.

Decidimos ir sós á captura dos polbos. Non queriamos renunciar a pasar a noite no Pedreira. Eso, durmir alí, espertar nas Illas e respirar aquel aire salvaxe e limpo da mañá. De seguro que colleríamos algún polbo; coceríámolo a bordo e comeríámolo con sal e aceite.

Soubemos que íamos quedar sen cea cando a luz da tarde comezou a esvaer, logo de levar unhas cantas horas patexando sobre as rochas e remexendo nas pozas. De súpeto, descubrimos que entre as fendas quedaban, alegremente atrapados, uns peixiños de pel viscosa e parda. O mimetismo coas rochas eran dunha perfección extraordinaria. Houbera sido difícil dar con eles se non fora polo ruído que facían. Abrían e pechaban as branquias; podíamos escoitar a súa respiración. Deducimos que esperaban pacientemente a subida do nivel do mar, polo que chegamos á conclusión de que eran peixes anfibios. Comezamos a sacalos fora cos ganchos de ferro. A pesar da resistencia que amosaban, marchamos cunha chea deles dispostos a facernos unha boa cea co produto.

Tocoume a min abrilos para quitarlles as tripas. Pero aqueles bichos non eran como calquera outro peixe que logo de pasar un tempo fora da auga vai amouchando, perdendo forzas e morrendo. Movíanse cheos de vida escorregando das miñas mans e, cando conseguía destripalos, seguían rabiosos pegando brincos. Semellábame que unha chea de ollos saltóns estaban a mirar para min, e que o facían con toda a ira do mundo. Empecei a sentir que estaba cometendo un acto atroz.. Ao metelos con auga para lavalos, algún comezou a nadar violentamente a pesar de ter o ventre aberto, e, mentres remexía coa man no caldeiro para lavalos, un deles traboume nun dedo. Peguei un grito horrorizada.

Seguiu meu pai coa faena mentres fun ao este a facerme unha pequena cura de urxencia. Minutos máis tarde, quedamos sen palabras ao comprobar que os peixes daban o último coletazo no momento de entrar en contacto co aceite ben quente da tixola.

Famentos coma estabamos, o cheiro que botaba aquela fritura pareceunos exquisito. Pero cando comezamos a comer, este fíxose denso; acto seguido, pesado e finalmente, noxento. Ningún de nós foi capaz de seguir comendo naquela textura xelatinosa e chea de espiñas. Botamos aquel fracaso de menú a ceo raso, no mesmo sitio onde deixáramos a empanada, cerca dun montón de nasas que había arrombadas sobre o peirao. Con certo desacougo, dispuxemos os sacos de plumas na cabina do Pedreira.

Tardei en coller o sono. Os latexos do corazón ían marcando o ritmo no dedo mancado cunha dor débil pero persistente. O frío facíase sentir atravesando a beleza metálica da luz nocturna. A lúa, dilatada en exceso, reflectía no mar; o ceo furado de estrelas daba testemuña da súa inmensidade ilimitada. Botei un ollo afora, e, por un instante, pareceume ver a silueta negra do gato detrás das nasas, pensei que ía comer no resto dos peixes.

Espertei a media noite coa necesidade de liberarme dun mal soño. Un suor frío percorríame de arriba abaixo. Fixen o exercicio de recrear e traer á consciencia as imaxes e emocións daquel soño: os peixes abandonaban as rochas a chimpos e viñan canda nos, subían

ao Pedreira e eramos obxecto dunha lexítima vinganza: ¡Horror! trababan en nós, así, durmidos e confiados como estabamos.

Incorporeime para pescudar fora, na noite, que permanecía magnética. A lúa percorrera media bóveda celeste, intensificándose o azul profundo e eléctrico. Unha vez máis pareceume ver a silueta esquiva ao fondo, saltando entre as nasas.

Espertamos coa primeira luz da mañá. pés avanzaba a paso lento sobre a duna, arrastrando unha estela de sombra. Dende alí fíxonos un xesto coa man. Non levaba o chapeu. O pelo, cano e amarelento pola queima do sol, íalle un pouco longo. Cos ollos postos na lonxanía do horizonte, camiñaba agora polo peirao onde tiñamos o Pedreira.

Entón fíxome un aceno para que me acercara ata as nasas onde tiramos o resto dos peixes. Aos seus pés e con aspecto deplorable estaba o gato. O sangue aínda conservaba certa viscosidade carmín sobre o pelo negro. As vísceras asomaban por un costado do ventre, húmidas e brillantes. A cabeza parecía deformada, cunha parte do cranio ao aire e coa boca aberta. Mirei para escena buscando unha resposta a aquela escena miserenta

- *O dicirnos foi dar nas alemañas, redióos que noite me deu o maricón*

Sen chegar a comprender moi ben o que quería dicirnos, contámoslle o da captura dos peixes, e que xa marchabamos, pois levabamos sen comer decentemente unhas vinte e catro horas. Entón, coa a pel da cara, se cadra, máis encarnada que nunca, comezou a pegar gargalladas

-*¡ Ai, carallo de sorriso, ir a coller demos ; ¡Demos! ;Demos, non se poden tocar!*
¡ Ai miña nai!

Minutos máis tarde estabamos de camiño para o Porto de Bouzas. Regresabamos sen mediar palabra, reflexivos e taciturnos, sobre un mar tranquilo e luminoso. Mirei para Xurxo que levaba o entrecello engurruñado. Boteille un sorriso de como quen no quere a cousa. Despois de todo, esperábanos un bo chocolate con churros ao chegar a terra.



No apartado de premios tamén temos que mencionar a Aránzazu Hernández que recibe o premio ao mellor deseño do mes de xuño para o almanaque editado polos Equipos de Normalización Lingüística.

Seguindo co apartado gráfico, a gañadora do concurso de cartel e lema de “Entre Nós en Galego” para o segundo ciclo foi Cristina Gómez.

No primeiro ciclo a vencedora foi Blanca Pereira que ademais do premio de este Instituto acadou o cuarto premio da provincia de Pontevedra polo seu cartel “Escribeme en galego, pasao”.

Tamén temos que mencionar a Xoel Pérez que ademais de gañar o segundo premio do VI Concurso de narración curta do IES tamén conseguiu o cuarto premio provincial de “Entre Nós en Galego” co seu conto “Lenda do Rei”

A todos eles noraboa e a seguir traballando así.



Tamén mencionamos o traballo gráfico que nos aportaron Irma Pérez e Marta Queiruga. Moitas grazas pola vosa colaboración.



ADEUS QUERIDIÑOS!



4ºB



4ºA



4º DC



COLABORACIÓNS DOS DEPARTAMENTOS TECNOLOXÍA E FÍSICA E QUÍMICA.

A COCIÑA SOLAR

Imaxina que na túa casa non tes electricidade, nin butano, nin outra fonte de enerxía accesible ou que podas pagar pero que tódolos días tes que cocer os alimentos, ademais de quenta-la auga para usos diversos (bañarse, etc.,...). Que farías?. A este problema se enfrontan a cotío centos de millóns de persoas de todo o mundo.

A solución tradicional a este problema ten sido o uso da madeira (sen ir máis lonxe na Galicia aínda hai casas que funcionan só con esta fonte enerxética). Pero a madeira hai que recollela, o cal obriga a moita xente a facer longos e custosos percorridos tódolos días (en moitos países esta é unha das razóns pola que moitos nenos, e sobre todo nenas, deixan de ir á escola).

Outra solución, complementaria da anterior, é utilizar cociñas solares (sempre que vivas nun sitio onde teñas un mínimo de días de sol ó ano). Coas cociñas solares podemos quentar auga e cociñar alimentos. Se están ben construídas poden acadar doadamente unha temperatura de 90°, o cal non é suficiente para ferver (ou para fritir)



pero si para cocer nunha olla tapada (e de cor negra para que absorba mellor a calor). Loxicamente o tempo de cocción será maior do que estamos afeitos co lume, pero tendo en conta que o custo de facelo é cero é unha alternativa moi interesante a outras fontes enerxéticas máis caras.

Ademais hai que ter en conta que a cociña solar non é contaminante polo que o seu uso estase a estender nas sociedade máis ricas, que poden permitirse outras fontes de enerxía mellores pero non os altísimos índices de contaminación dos que son responsables.

PERO, ¿COMO SE CONSTRÚE UNHA COCIÑA SOLAR?

Como en calquera proxecto tecnolóxico, a solución será tanto mellor canto máis teoría (ou sexa, ciencia) saibas, ademais de estar disposto a probar diversas solucións técnicas (Tecnoloxía = técnica + ciencia). A teoría básica di que nun paraboloide (unha antena parabólica, para entendernos) os raios que reboten na superficie interior se concentran sobre un eixo (a forma dos obxectos tecnolóxicos non é casual). Polo tanto tes que construír algo o máis parecido posible a un paraboloide e usar un material que reflicte o máis posible a radiación luminosa; a solución ideal sería usar espellos ou metais perfectamente pulimentados, pero unha solución moi barata (é algo peor para o funcionamento) ó alcance de todos é usa-lo papel de aluminio normal. Nas fotos poden observarse as cociñas que construímos no Illa este ano. O ano vindeiro tentaremos mellora-los deseños en base á experiencia deste ano.

Dpto. Tecnoloxía



ANO INTERNACIONAL DA FÍSICA

No ano internacional da física o noso departamento, xunto co de Física e Química, acordou salientar dita data. Cremos que o mellor xeito de enxalzar dito acontecemento é dando a coñecer algún traballo feito polo noso alumnado de Tecnoloxía no caderno do Instituto, que é o que teñen nestes intres entre as súas mans.



Elixir uns proxectos para enxalzar o valor da Física na Tecnoloxía ou da Tecnoloxía na Física e ámbalas dúas ciencias na vida cotiá de cada un de nos, en particular e na sociedade en xeral, foi realmente moi sinxelo, porque chega con preguntarse como funciona e para que serve calquera obxecto que temos ó noso redor para que se poida facer do mesmo, na nosa revista, senón en calquera de interese científico.

Convencidos de que a educación en Física proporciona o home as ferramentas para construír a infraestrutura científica esencial para o desenvolvemento, non só para todos os físicos e científicos, senón para os que ensinan ou aprenden física e para toda a opinión pública como recoñecemento a unha disciplina científica que configura determinantemente a nosa realidade contemporánea nas dimensións

tecnolóxicas, económicas, culturais, sociais e políticas.

Con independencia da opción académica escollida, debería revalorizarse a Ciencia como área curricular, adoptándose un estilo docente máis experimental con espazos internos (laboratorios,...), ratio alumno/profesor razoable e equipamentos externos de especialización na divulgación científica, como os museos da ciencia, xunto a exposicións e talleres dedicados en centros educativos, xornadas de portas abertas nos centros especializados, conferencias e feiras escolares da ciencia. Todo isto pode aportar un factor de incentivo científico e unha perspectiva máis accesible para o conxunto do alumnado, e das súas familias, para atender unha necesidade palpable da nosa civilización na era do século XXI, aínda que os nosos políticos, con anteprojectos de lei que tratan de debater-aprobar non o queiran ver sen querer pensar que non lles interesa velo.

Dende a responsabilidade que me dá ó escribir o limiar deste artigo atrévome dende esta ventá aberta a todo o mundo que queira achegarse a ela, independentemente das expectativas que poidan causarnos os traballos-proxectos feitos polos nosos fillos/as, pido que valoredes o labor dun docente que vai máis aló dun profesional do ensino. Pido desculpas se nalgún caso hai quen diverxa co que veño de dicir, pero só os que traballamos con el sabemos o tempo e cariño que dedica a este traballo de aprender os demais sen esperar nada a cambio agás un pouco de respecto que en moitas ocasións é difícil atopar.

E para rematar este traballo só recordar ó que di a Asemblea Nacional das Nacións Unidas,

“Recoñecemento de que a Física proporciona unha base importante para o avance na comprensión da natureza “

“A Física e as súas aplicacións son a base da grande parte dos avances tecnolóxicos actuais “

“Unha educación en Física proporciona ó home as ferramentas para construír a infraestrutura científica esencial para o desenvolvemento”.

De seguido e sen esquecer o motivo deste artigo, imos describir uns proxectos desenvolvidos polos nosos alumnos de 2º e 4º con especial atención o Parafuso de Arquímedes por se considerado este o primeiro tecnólogo da historia o cal ímoslle adicar o noso particular homenaxe neste Ano Internacional da Física, del farase unha pequena referencia histórica acompañada do proxecto e unhas entrevistas feitas polos nosos alumnos a Pais e Profesores.

Agardamos que sexa do voso agrado e renove o interese pola Física e Tecnoloxía de todos nós e doutros.

Memoria do tornillo de Arquímedes



Materiais empregados :

Un arame, unha tubería vella, unha táboa de madeira e un tubiño.

Primeiro fixemos un boceto das diferentes partes do parafuso na madeira e as cortamos coa caladora. Dous

e 2005

círculos do tamaño dos extremos da entubado, dous trianguliños e a parte que sería o soporte.

Despois enderezamos o arame e en un extremo fixemos a forma da manivela. Co arame sobrannte construímos o que sería o soporte pequeno.



Encaixamos as tapas na tubería tendo en conta que unha tería que estar máis cara dentro senón tocaría coa auga e as fixamos con termocola. Por suposto xa tiñan feito un buraco no centro.

A continuación pegamos os trianguliños o soporte de madeira e fixemos un buraco nunha zona intermedia co trade. Arredor da tubería enrolamos a goma e suxeitámola con celo. Unimos todas as pezas e xa o tiñamos listo.

ARQUÍMEDES

Sábese moi pouco da vida de Arquímedes .Probablemente naceu en Siracusa (asentamento grego en Sicilia) no ano 287 a.C. .Fillo do astrónomo Fidas, o que lle permitiu dedicarse a investigación e o estudo das ciencias,sobre todo da xeometría .A súa familia era moi amiga do rei Hierón II ,o que lle permitiu viaxar a Alexandría ,onde aprendeu matemáticas.

Arquímedes conformou o que agora chamaríamos un matemático teórico e un físico experimental. Foi cualificado de enxeñeiro e xente como Voltaire afirma que “había máis imaxinación na cabeza de Arquímedes que na de Homero”.

Arquímedes tiña un espírito innovador que se pon de manifesto, por exemplo, nos seus estudos da área de figuras curvas. Usando o potente método de exhaución creado por Euxodo ,Arquímedes calculou a relación entre a lonxitude e o seu diámetro, e o fixo cunha precisión sen precedentes(o seu valor para o número PI estaba entre 3,1408 e 3,1424).

A el atribúense inventos coma o parafuso de Arquímedes e descubrimentos como o corpo flotando sobre auga:

Hierón , tirano de Siracusa confiou ouro a un artesán para facer unha coroa en honra a un deus; sospeitouse que o orfebre cambiara unha parte de ouro por prata; pediuse a Arquímedes que o comprobara e, este, somerxendo a coroa nun recipiente cheo de auga, mediu o peso da auga desaloxada, e tamén mediu:

1ºO volume dun peso de ouro igual ao da coroa: V_1

2ºO volume dun peso de prata igual ao da coroa: V_2

3ºO volume da coroa : V_3

Comprobou que o valor de V_3 era intermedio entre os dous, polo afirmou que o ouro mesturáranos con prata.

Dise que esto descubriuno cando estaba na bañeira e, segundo o relato de Marco Vitrubio(século I a.C.) , saíu correndo polas rúas da cidade espido ao berro de ¡Heureka! .

Non se sabe moi ben como morreu , uns din que o matou un soldado romano atravesándoo cunha lanza ,e outros que foi a causa dun saqueo dos romanos .

ENTREVISTA A DON LUÍS

1.- ¿Sabes que este é o ano internacional da física?.

Si,seino por un concurso que fixeron os de terceiro.



2.- ¿Sabes quen é Arquímedes?.

Si, polos meus coñecementos sei que é un científico grego que falou dende o seu punto físico sobre a densidade da auga e a panca. Descubriu se a coroa de Siracusa tiña falsificacións. Deuse conta de que o meterse el na bañeira chea de auga, esta caía, e saíu

correndo espido berrando "Eureka" a xunto do emperador.

Tamén é coñecido pola súa celebre frase "Dádeme un punto de apoio e moverei o mundo".

3.- ¿ En que época viviu?.

Viviu entre o séculos III e IV en Siracusa.

4. ¿Sabes que foi o primeiro tecnólogo da historia?.

Non, pero sei que fixo inventos moi interesantes.

5.- ¿Coñeces o parafuso de Arquímedes?.

Si, é un parafuso sen fin .

6.- ¿Para que se empregaba?.

Para extraer auga de leitos baixos a altos, empregábase para o regadío.

7.- ¿Que che parece?.

Paréceme moi interesante, porque foi antes da aparición do motor, bombas...

8¿Poderías dicir se recordas algún feito salientable de Arquímedes?.

Si , a anécdota da densidade dos corpos o ser somerxidos ou as lentes cóncavas empregadas na Segunda Guerra Púnica para afundir os navíos inimigos.

Moitas grazas pola túa colaboración , ¿Queres engadir algo máis?.

Si , o parafuso de Arquímedes paréceme moi interesante porque nos facilita a vida , danos máis calidade de vida e axúdanos a progresar.

É un gran invento. Tamén o Shadoof exipcio é moi parecido a este, é un cubo suxeito ao extremo duna pértiga cun contrapeso.

Ensinámoslle o funcionamento do proxecto e entende como funciona.

O CONTADOR BINARIO

Outra práctica que vos queremos dar a coñecer foi feita polos alumnos de 4º de Electricidade e Electrónica, unha práctica do mundo dixital.

Montamos un contador binario cos seguintes compoñentes: LDR, díodos, cables, resistencias e transistores.

O contador binario é un contador de pulsos en binario (base 2) isto soa como moi complicado, pero non é mais que un dispositivo que conta de un en un, que montado (acoplado) cun codificador fai que se poida presentar (ver) nun visualizador de sete segmentos (displai) e así obter o número de pulsos executados en base 10 ou decimal.

Desenvolvemento do contador binario.

O contador binario máis elemental consiste no acoplamento de varios circuítos simples que constitúen un contador de 1 bit (que se chaman biestables o flip-flops). O funcionamento de cada un destes circuítos simples é moi parecido a o que ocorre cun bolígrafo de resorte, este ten dous estados: para escribir e para ser gardado. O circuítio ao que nos referimos está formado basicamente por dous transistores montados de xeito que con un pulso entra en condución un deles no entanto que o outro está en corte e con un novo pulso a situación anterior invértese.




O contador binario levará tantos circuítos simples coma o mencionado como expoñente de dous sexa necesario para a manifestación dunha certa cantidade de pulsos.

O circuítio –a asociación de varios circuítos simples– complementase con un transcódificador que leva as saídas en binario natural do contador a excitar convenientemente un visualizador de sete segmentos (isto é para ver representados os sucesivos números tal e como se escriben en decimal).

Para ter unha aplicación directa do contador binario elemental antes construído introdúceselle un circuítio detector de luz, no que este é sensible a pulsos de luz e que unha vez inxectados no contador son contados por este; desta maneira poderase contar, por exemplo, o número de alumnos que entran nunha aula.

Construímos un contador binario moi doado, que está formado por dous circuítos simples (contadores de 1 bit) o que permite contar ata $2^2 = 4$ números que no noso caso é desde 0 ata 3.

O sistema total é segundo esta figura:



LEMBRANZAS DA GUERRA CIVIL E DA EMIGRACIÓN

TESTEMUÑOS DOS MEUS AVÓS

Con tan só catro anos como ían entender o que significaban a palabra guerra e todo o que traía con ela. A miña avoa pouco a pouco foino entendendo: había fame, medo, exércitos, disparos ...

Unha vez rematada a guerra virían anos moi duros, a posguerra.

Ela contoume como ía coa libretiña do racionamento a tenda, e alí a cambio duns tiques, recibía un pouco de arroz, aceite, azucre, xabón e pouco máis. E só con isto tiña que alimentarse unha familia, por iso había moita fame e a xente morría. Os militares andaban polas rúas e o medo seguía entre a xente. Non se podía dicir o que un pensaba, había certas cousas que non se podían ter na casa senón corrías perigo de morte. Moita xente tivo que marchar ao exilio para que nos os matasen.

Esta muller con once anos, e xa orfa de nai, quedou a cargo da súa avoa; xa que o seu pai estaba na guerra. Aínda recorda as cartas que lle mandaba. Así que tivo que deixar a escola para axudar na casa. Máis tarde foi traballar na fábrica de José Regojo. Nesta fábrica facíase roupa e foi moi importante para a xente de Redondela, porque deu moito traballo. Só estivo catro meses debido á necesidade de permanecer no fogar para atender á súa familia. E agora xa era orfa de pai e nai, o seu morrera do paludismo. Ela tiña que coidar a súa avoa, traballar as terras para poder comer, coidar os animais etc. E todo sen a axuda de ninguén. Os animais axudaban bastante, por exemplo coa venda do leite ou dalgunha res conseguíanse cartos para pagar a contribución das terras ou para mercar comida. E, paseniñamente foi sobrevivindo.

Por outra parte meu avó, que aínda estaba solteiro, emigrou a Venezuela. El ía de aquí recomendado, pero así e todo, tivo que chegar a unha zona que non coñecía de nada e comezar unha nova vida. Despois regresou, casou coa miña avoa e volveu marchar, pero esta vez a Francia, onde estivo uns meses e regresou. Anos máis tarde foi a Suíza, estivo alí unha tempada e despois volveu. A miña nai xa nacera.

Agora podo dicir que o meu avó é un home de mundo, pero tamén sei que foi a países nos que non coñecía a súa cultura, que tivo que cambiar os seus costumes, adaptarse aos distintos idiomas...

E nestas terras tamén se atopou con moitos emigrantes coma el: galegos, italianos ...e xente exiliada que marchara dos seus países para que non os matasen.

Mentres a miña avoa, aquí en Galicia, soa e con unha filla ía vivindo como podía ata que lle chegasen os cartos que lle mandaba o seu home. Houbo momentos en que o pasaron moi mal, pero por fin saíron adiante e aquí estou eu, a súa neta, contando a súa historia.

M^a Belén Gómez (4^o A)

Emigración alemana

Facémoslle una entrevista a Carmen Filgueira Camiña para saber como era a vida dos emigrantes nos anos 60 por Centroeuropa.

- En que ano emigrou vostede?
 - Emigrei no ano 1962 e botei alí sete anos.
 - A que país e por que emigrou?
 - Emigrei a Düsseldorf, Alemaña. Principalmente porque o meu marido xa levaba alí algún tempo. Ademais era un sitio onde había moita emigración aberta e moitos veciños que xa estaban alí aconselláronnos e convencéronnos. Tivemos que marchar, loxicamente, por cuestións económicas. Aquí non había emprego e se o había tiña un soldo moi baixo. Eran traballos moi duros e mal pagos. Pola contra en países como Francia, Suíza, Holanda ... daban a oportunidade de conseguir empregos que non esixían moita preparación e o diñeiro que ofrecían permitíanos aforrar, sobre todo, se ía un matrimonio, coma no noso caso.
 - En que consistía o seu traballo?
 - Normalmente nos traballos que nos ofrecían non pedían moita experiencia como por exemplo albanelaría, cadeas de montaxe, limpeza, grandes empresas ... Eu traballaba nunha fábrica de cosméticos e limpeza, encargábame de poñer tapóns e de encher os frascos de produtos; e o meu marido, nunha empresa metalúrxica que fabricaba guindastres, pontes, estruturas metálicas ...
- Todos os días pola mañá saíamos cedo da casa e colliamos dous tranvías ata chegar á fábrica. Entrabamos ás oito da mañá, á unha e media comiamos e rematabamos ás catro. Gañaba trescentos marcos, máis ou menos, aínda que ás veces quedaba traballando máis horas e pagábanme máis.

- Como era a súa vida na emigración?
- Viviamos en contacto con galegos e con españois. Intentabamos levar a mesma vida que en España, pero en Alemaña. Facer que Galicia, aínda que era difícil, non estivese tan lonxe.

O meu marido e mais eu tiñamos un apartamento moi pequeno alugado: só tiña unha habitación, un cuarto de baño e unha cociña eléctrica. Tiñamos tamén unha calefacción de carbón para poder soportar as baixas temperaturas. Pero antes da miña chegada, o meu marido vivía nun barracón especial para emigrantes pertencentes á empresa. Era unha vida sinxela, de traballo e recollemento. Pola semana non saíamos case nunca da casa, para aforrar o máximo posible. Os sábados e domingos comiamos cos nosos compañeiros galegos e vascos, xogabamos ás cartas, paseabamos polos bosques, íamos á praia do Rhin... pero volvíamos cedo, ás oito da noite xa durmiamos, pois tiñamos que erguernos cedo para ir traballar. Alternabámonos entre nós para facer as comidas entre os amigos, reuniámonos cada fin de semana na casa de alguén, faciamos festas... e incluso máis tarde agrupabámonos nas casas rexionais. Levabamos produtos de España e tamén había algún establecemento dirixido por xente de aquí, que vendía produtos españois, como, por exemplo, sardiñas ou peixe afumado, que chegaba do Mediterráneo.

Sempre que podíamos voltabamos coa familia en vacacións, pois aquí en Vigo estábannos agardando. Tardabamos dous días na viaxe en tren, facendo transbordo en París. Cando non podíamos viaxar a Galicia mandabamos o diñeiro para manter ós fillos, regalos, bonecas, roupa... produtos que incluso aínda non chegaran nin se vendían en España.

Eu tiven que voltar definitivamente a España ó ter un accidente de coche ó que seguiu unha forte depresión, pero o meu marido quedou algún tempo máis, e outra moita xente incluso ata que se xubilaron.

- Custoulle moito adaptarse?
- A verdade é que si, sobre todo ó novo idioma. Era moi difícil. Os compañeiros que levaban máis tempo, ensinábannos algunhas palabras, principalmente as máis importantes para poder comunicarnos e entendernos minimamente. Tamén nos custou adaptarnos ó frío e ós horarios.

Irma Pérez (4ºB)

TESTEMUÑA DA MIÑA AVOA

Eu tiña trece anos, era o dezaioito de Xullo de 1936 e nós estabamos na festa do Carmen en San Mateu (Ponteareas), cando de súpeto apareceron os gardas, pararon a música e subiron ó palco berrando “ Estamos en guerra que mataron en Madrid a José Calvo Sotelo, todos para as vosas casas que estamos en guerra”. Os comunistas querían tomar o poder, pero Franco mobilizouse e comezou a recrutar a todos os mozos de máis de dezaioito anos para ir ó fronte. Os comunistas mataban pola noite ós de dereitas e pola mañá aparecían todos os corpos, dende As Neves ata Ponteareas, tirados polos bordos. Para Franco un dos lugares de máis difícil acceso foi Bilbao, alí os comunistas puxeron un gato morto atado a un pau e xunto a el un letreiro que poñía “ Cando Franco entre en Bilbao este gato comerá bacallao”. En Leirado (Salvaterra de Miño), na miña terra, os comunistas derrubaron a Capela de San Roque e romperon os cruceiros onde nós xogabamos todos os domingos pola tarde.

Franco gañou a guerra, pero aínda así todas as mañás aparecían corpos tirados, pero eran os corpos dos comunistas. Eu tiña un compadre comunista que tiña unha zapatería, alí, nesa zapatería, reuníase cos seus amigos para planear o que ían facer contra os de dereitas, e unha vez que gañou Franco fórono buscar unha noite levárono ó Castro (Vigo) e alí matárono. Outro caso parecido témolo aquí, en Redondela, había un médico moi bo (D. Telmo Bernárdez) que dun día para outro levárono os gardas, como era moi querido a xente pedía que non o matasen e cando chegou o indulto a Redondela para este home xa se desfizeran del.

Durante a guerra todos os alimentos e demais estaba racionado. Pasouse moita fame, ata o punto de que a xente aproveitaba os carozos das espigas de millo para facer pan. Miña nai pasaba por Arbo, preto de Portugal, e como era por Portugal por onde circulaban os alimentos, ela collía o que podía para nós e para as veciñas de Leirado.

O teu avó foi á guerra con dezaioito anos, pero de cociñeiro. O que máis cociñaba era lentellas por iso agora cando llas poño non mas quere porque disque quedou farto delas.

Carolina Sertal (4º B)

LOITA, FAME E TERROR

É triste e terrible observar como os meus avós, ámbolos dous de oitenta e sete anos; choran o lembraren os escuros anos da guerra e do silencio. Tampouco resulta sinxelo debuxar no papel a ollada, entre temerosa e azul, que desprende unha persoa que recorda as penas e os sufrimentos dende a experiencia que provoca unha guerra soterrada no máis profundo da alma e da memoria.

-Estabamos moi ben coa República, chegou Franco e estropeouno todo- recita de vagar- O comenzo a guerra, todo se tornou seco e difícil. A xente, xa non podía saír fora se pasaban das dez da noite. Os sindicalistas e os republicanos fuxiron para os montes, moitos para non volveren máis. Incluso na igrexa tiñamos que oír o inútil do cura cando dicía: “Hay que sacar del medio las malas hierbas republicanas y sindicalistas”. Foi como se o medo, a miseria e a fame, gañaran a guerra, derrotaran a liberdade. -A avoa suspira, recollendo as bagoas nun pequeno recunchiño do seu pano, logo continua.

-A fame, quen non pasa fame non pasa miseria algunha. Os alimentos estaban todos racionados, o pan, o aceite, o azucre, todo. Non se permitía mercar máis ca un litro de aceite ou un quilo de azucre a semana, xa que non había nada. E, por riba de todo isto coma unha pantasma, vivía o medo. Un medo escuro, negro, que te collía e te arrincaba a lingua ou te cortaba unha man, un medo mudado de home, ou de veciño, ou de garda;

un medo abafante e pesado que crecía na xente pero non morría nunca, nin cando esa xente morría alí tirada coma cans.

Unha antiga bagoa resplandece nas fazulas da avoa, mentres o avó asexo no mar esas miles de bagoas que o forman. Ante a imaxe da coraxe e da dor non se pode máis que calar e acostumar a ese frío que produce o respecto das cousas inalcanzables e tremendas. Continua:

-O morreren Franco chorei, pero chorei de alegría, pois aínda que estabamos moi mal e o futuro fose incerto nada podía ser peor que o que ese home deixaba. Que difícil e sempre volver atrás.

Despois diso, aprendín a non buscar na memoria, supoño que escribiren sobre algo que non se sentiu e demasiado fácil e non merece o propio significado das palabras. Foi entón, cando meu avó, calado durante a conversa, rompeu o seu silencio, e coa súa voz salgada dixo:

-Hai un tempo para loitar e un tempo para morrer, loita para non ter que vivires o que eu viven, pois o meu tempo xa pasou.

Logo calou e volveu o mar.

Adrián Comesaña (4º A)

Testemuñas dos meus pais

Os meus pais non recordan moito da época de Franco, xa que eles eran moi cativos. O que mellor recordan son os seus colexios e os seus xogos nas rúas, porque o tempo que non pasaban traballando, durmindo, comendo ou vendo a televisión o pouco tempo de emisión que tiña era o que facían. Contan que os colexios eran unitarios, que non estaban separados por cursos e que eran moi estritos: non se podía falar en galego, nin escribir coa man esquerda... e ao entrar e ao saír tiñan que rezar. As clases de relixión eran moi importantes, así coma o catecismo. As leccións aprendíanse cantando, dende a táboa de multiplicar ata os ríos ou provincias de España. Os seus xogos nas rúas eran: o trompo, as bolas, xogaban coas bonecas, coas plantas...e podían facelo tranquilamente xa que non había moitos coches que os interromperan. Xogaban todos xuntos porque non había consolas nin ordenadores..."Soñabamos con que os Reis Magos nos trouxeran unha boneca Nancy ou un Madelman no caso dos homes" recorda miña nai. Lémbrense tamén de que as súas maiores trasnadas eran roubar froita e máis froita e o seu xogo preferido era facer casas nas árbores. "Divertiámonos moito gastando bromas o día dos inocentes e o primeiro de abril" afirman os dous.

Como a maior parte das familias posuía terras que había que traballar os nenos axudaban aos pais e tamén na casa e en moitas tarefas. Ao rematar os nenos vían a televisión ata as oito, e na primeira cantaban unha canción que os mandaba para cama..."Teté, Maripí, Coletas y Cuquí...¡a dormir!" cantaruxar meu pai.

A xente ía moi cedo para cama. Había medo. Moito medo. Se a Garda Civil atopaba a alguén pola noite dábanlle unha malleira. "Onde esta agora a autoestrada existía "A Concheira" que era un lugar coñecido como zona de tortura" esas e outras cousas que non gusta recordar llas contaban os seus avós e avoas cando eles eran pequenos.

O día que morreu Franco meu pai dixo: ¡Que ben! Hoxe non hai escola, vou quedar na casa a ver os debuxos". Pero miúdo chasco levou: durante os días de loito na televisión e na radio só botaron música clásica.

Alba Alonso (4º A)

Memoria

Hoxe tiven un pesadelo. Espertei cuberto dunha suor fría e noxenta, non tiven outra solución que non pasase por darme unha ducha as cinco e media da mañá.

Aínda recordo a miña infancia. Eu son de Nespereira, unha pequena aldea que pertence a Pazos de Borbén, aínda que moita xente segue a pensar que pertence a Redondela. Corría o ano 1971, e eu era un de tantos nenos que cada mañá ía a unha escola que había en Pazos. Póñoome a recordar e recordo a algúns dos profesores que me ensinaban no colexio... que cabróns eran moitos deles. Agora os nenos quéixanse se un mestre de escola manda moitos deberes para casa, ou se trata a algúns mellor cá outros... Dáme a risa, pois venme nestes intres a cabeza unha anécdota que sucedeu no segundo ou no terceiro día de clase, a vez que eu cursaba terceiro de primaria. Resulta que estabamos todos na aula, armando barullo coma sempre. Nisto que entra o mestre, sentamos e calamos. Pediu un voluntario para saír escribir non recordo o que no encerado, e como voluntarios non había, tivo que saír o pobre Alfredo. O rapaz comezou a escribir, e o mestre decatouse de que era zurdo. Preguntoulle se o era, e Alfredo contestoulle movendo a cabeza e pronunciando un bruto son que se podía entender coma un si. Os rapaces, daquela, eramos moi incultos... pois o mestre, molesto pola resposta de Alfredo arreoulle un puñada que o guindou por enriba dunhas mesas. Si, non tiñan ningún tipo de reparo en pegarnos. E ademais pegábannos con saña, coma se lles gustase... Recordo que ás rapazas non lles pegaban. No canto diso, levantábanlle a saia ata deixar á vista a parte superior das pernas e cunha regra dábanlle para facerlles dano... Eran uns cafres. Dende logo se hoxe en día eu tiveise unha filla e a algún profesor se lle ocorrese algo semellante, dito individuo habería de escapar da cidade...

Xa estou mellor, levo vinte minutos debaixo da auga morna e paréceme que incluso esquecín o contido do meu pesadelo. Sen embargo agora decátome de que non hei ser capaz de durmir, pois non deixo de pensar naqueles tempos pasados...

Recordo dúas escolas nas que estiven. Na segunda había unha foto do actual rei, pero cando estiven na primeira aínda vivía Franco e había unha foto deste, e outra de Primo de Ribera. En ámbalas dúas escolas había unha cruz, e recordo que tódolos días rezábamos. Si, moito cambiaron as cousas dende aquela. Precisamente hoxe en día estase a fomentar o uso do galego nas aulas, por certo que é algo que non me parece nin ben nin mal, pero por aquelas datas como se che ocorrese facer algo así xa podías prepararte para levar unha labazada. Os profesores tiñan demasiado poder. Como se che ocorrese non ir o colexio, que non che estrañase ver aparecer o mestre na túa casa a buscarte "polas orellas".

¡¡Carallo!! Acabo de lembrarme do que acontecía no pesadelo... E non é raro, soñei coa garda civil.

Aínda recordo a sensación que nos causaba (e a os maiores aínda máis) o ver aparecer de lonxe a unha parella de gardas civís, a pé ou a cabalo, coas súas capas e os seus tricornos. Metían medo. Os maiores nunca sabían onde habían de agocharse, pois había un pequeno dilema cos gardas: ¿Saúdoos ou non? Se saudabas podíache caer unha

labazada, *a ver por que saudabas*; e se non saudabas podíache caer outra, *a ver por que non saudabas*.

Eran moitas as cousas que me acontecían daquela... Mais xa son as sete da mañá e estou verdadeiramente canso. Quedo a durmir recordando aquela infancia pasada, na España e na Galiza do século pasado, pensando en que aínda me queda moito por camiñar... de mans da España e da Galiza deste século.

Valentín Barros (4º A)

Testemuña: Muller de 82 anos nacida en 1923 (en plena guerra).

Cando a miña avoa, que foi a testemuña que me permitiu poder facer este traballo, contoume, que con tan só 9 anos comezou a traballar no campo como xornaleira cobrando 2 ou 3 pesetas (aprox. 0,01€) o día de traballo de 8 a 12 horas. E con 13 anos combinaba este, co traballo no mar ós mexillóns para despois vendelos ou comelos.

Mais no 37, púxose a traballar na fábrica de conservas (Xosé Otero Vilaboa) actual (Rodríguez Pascual S. A.) en xornadas de 14 a 15h de noite ou de día, “cando fixeran falta”, cobrando ó final, moitas veces, a metade da miseria que debesen. ¡Incluso! cando a chamaban as 4 da mañá para descargar un camiión, e traballaban durante 5 horas. Habitualmente só chegaban a pagarlle o traballo de 1 hora.

Máis tarde combinou este traballo co mar no 46. Estaba en estado. Dis que había que traballar se se quería comer, e na súa casa só eran dúas mulleres a traballar nunha familia de 6 en que: (Un marido traballando fóra “nos barcos, de cableiro”, unha nai enferma, un pai que marcha da casa e dous irmás que inda eran moi pequenos). A supervivencia era difícil en tempos nos que o soldo da muller era moitísimo menor que o dun home, e cando só traballan dúas mulleres os cartos non chegan. Tampouco tiñan zapatos, pois traballaban descalzas. E tódalas noites tiñan que ir a pé ata Arcade atravesando multitude de regueiros “case tan fríos coma o xeo en inverno”. E unha anécdota: para que nos lles doesen os pés cando saían destes pequenos ríos, tiñan que mexar neles, dado que o frío era moi intenso e a penas levaban roupa. Soportando todo isto para ver se se podía conseguir unha barra de pan, aínda que fora resesa, porque non había cartos para mercalo. Moitas veces tiñan que volver facer o camiño de volta sen nada entre as mans.

Ademais disto contoume unha historia de cando ela era moza e ía ver os militares presos da Illa de San Simón. Lavábanlles a roupa e dábanlles de comer o que podían, cando podían. Disque os gardas os ataban uns ós outros e mallaban neles canto querían. Eran homes delgados e osudos en gran parte. Xente sen forzas sequera para rebelarse.

Mentres que pola beira da praia de Cesantes, era moi normal atopar os cadáveres deixados polo mar provenientes da Illa de San Simón.

Samuel Ferradás (4º A)

DITADURA

Tempo de represión, de fame, de exilio, de manipulación; tempo de ditadura. Trala cruenta guerra civil e o triunfo do Movemento Nacional, o Xeneral Francisco Franco Bahamonde foi nomeado Xefe do Estado e “Xeneralísimo”. Esta persoa incrustouse na nosa historia sementando con sangue, facendo desaparecer a xente tan só por crer, opinar ou pensar de maneira diferente. Agora lembro os arrepiantes comentarios dos avós tralo xantar e a tristura que amosaban ao falar. Eu non entendía, no meu maxín de cativa tentaba non escoitar.

A avoa falaba dun médico moi querido no lugar. Ela moito xa non se lembraba, só do que lle dicía a súa nai. Chamábanlle o médico dos pobres pois axudábaos en todo o posible e a quen non podía non lle cobraba. Perseguido e difamado, a xente dicíalle que marchase; pero el sempre respondía dicindo que non fixera mal ningún. Unha noite os gardas chegaron á súa casa e don Telmo non volveu máis a Redondela.

O avó tamén falaba. Contou como un home tivo que estar escondido no monte, nunha cova, dentro dunha focha tapada cun can enriba para causar menos sospeitas. Estivo durante moito tempo escondido, mesmo os seus fillos naceron e criáronse alí. O home xa morreu, pero a cova-casa segue aló, no monte; e aínda se pode visitar. Tamén contou que durante a guerra, pola noite, ían os gardas ás casas, collían á xente, fusilábana e despois tiraban os seus corpos ás beiravías dos camiños. Ao día seguinte, ben cedo, as leiteiras atopaban os corpos de camiño a repartir.

A xente perseguida, que podía, marchaba, exiliábase. Moitos escritores tiveron que facelo: Lorenzo Varela, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Afonso R. Castelao,... Se non o fixesen, nin a súa vida nin a súa obra ocuparían demasiado. Un exemplo de galego comprometido é Alexandre Bóveda, asasinado no alto da Caeira (Pontevedra) o día 17 de agosto de 1936; que pasou a conmemorarse como o Día da Galicia Mártir.

Durante este tempo tamén había represión e desinformación. A xente que denunciaba a situación, que escribía de forma crítica, que pedía a absolución para os presos ou que tiña no seu poder algún libro “prohibido”, vetado, era, polo pouco, levado ao cárcere. Non había información nin prensa libres, a que había estaba totalmente manipulada.

O uso do galego prohibiuse e tentouse escorrentar dos ámbitos da cultura. Foi unha época triste e mesquiña; segundo os que a viviron, non para lembrar.

L. Rosalía Cabaleiro (4º A)

O CAMIÑO DE SANTIAGO

Alumnos e alumnas valoran nunha frase o significado do camiño a Santiago. Participantes e non participantes fan unha reflexión sobre o significado desta actividade.

“É un camiño longo, cunha meta difícil de alcanzar, pero os que chegan ó final séntense renovados como persoas” DIEGO OJEA

“Podes coñecerte a ti mesmo e á xente que cres coñecer” AGUSTÍN PEREIRA





“Estás cos teus amigos, coñeces sitios novos, e tamén xentes doutros lugares” NOELIA PÉREZ

“Coñecer xente e lugares e vivir experiencias que nunca viviras” ANXO OTERO

“Nos 115 quilómetros que andamos vivín varias experiencias novas” EDUARDO MÉNDEZ



“Pasas momentos moi duros nos que parece que non vas a chegar, pero cando chegas estarías disposto a repetir”. LEONOR MOYA

“Creo que todas as persoas deberían facer o camiño, pois coñeces cousas que non se coñecen doutro xeito”.

RAQUEL AMOEDO

“Aínda que hai etapas custosas despois de recorrer todos os quilómetros aledaraste de ver a catedral”
MARTA PÉREZ

“Tamén nos serviu para pensar nas nosas cousas e reflexionar” ADRIANA LÓPEZ



“Todos o deberían facer a pé porque non se precisa nada especial, pero tamén é a máis cansa e require esforzo”. MANUEL RÍOS

“Gustoume camiñar cos compañeiros e falar agradablemente, pero levei mal o cansazo e a dor dos pés. É algo que lle recomendo a todo o mundo”. ZAIRA PIÑEIRO

“Servíume o camiño para coñecer a varias persoas,...e descubrín que non se pode xulgar ás persoas sen coñecelas”. BREIXO

“O máis importante foi a unión cos compañeiros e cos profesores que o facían, pois non había “malos rolos”, e falas con xente que a penas coñeces”. ALFONSO APARICIO

“Todos chegamos xuntos e seguramente nunca nos alegramos tanto de ver unha catedral” IRENE LÓPEZ

“Para min foi unha nova experiencia e tamén me serviu para coñecer a outras persoas”
CECILIA GONZÁLEZ



“Valoro o sufrimento dunha persoa cando camiña tanto para chegar finalmente a Compostela a facer unha ofrenda o apóstolo”. EMILIO IGLESIAS

“É un lugar de onde se nota si hai compañeirismo e respecto”. NOELIA GESTEIRA



“Un acto relixioso e divertido sen pais”. F. BORJA LAGO

“Pode ser unha forma de atoparse a un mesmo”. IAGO BARRERA

“Eu fixeno en parte por motivos relixiosos, pero tamén por pasar un tempo cos compañeiros de clase sen estar

ameazados por un parte”. JUAN CARLOS AMOEDO

“Cando me deron a compostelá sentínme como unha campiona, e non podía crer que fixera todos eses quilómetros” MARÍA J. COBIÁN

“Os motivos poden ser moi diversos, pero ós 15 anos pesa máis o de estar cos amigos. Quizais máis adiante outros motivos terán máis peso”. SELENE DOMÍNGUEZ

“O camiño de Santiago é para min unha maneira de relaxarse e buscar a paz interior”. BORJA ALFAYA

“Para min o camiño significou momentos de dor, sufrimento e satisfacción”. ÓSCAR COUÑAGO

“É duro afrontar o camiño polas dificultades do mesmo, pero pouco a pouco e con fe vaise superando”. NICOLÁS J. GONZÁLEZ



“Para min o camiño de Santiago é unha superación,...vaste coñecendo a ti mesma e as túas limitacións”. LORENA FERNÁNDEZ

“O camiño foi duro porque algunhas partes eran custosas, pero sempre había alguén ao lado para animarte e falar, e así podías continuar.....Os profesores non tiñan privilexios sobre os demais, todos comíamos o mesmo, andabamos o mesmo,...todos eramos iguais”. CRISTINA GÓMEZ

“O principio era un simple pasatempo, un xeito de estar cos amigos e perder clase, pero segundo vas camiñando tramo a tramo descubres que no camiño pasas por novas experiencias, que aínda que sexan insignificantes, logo non esqueces”. IRIA M^a CAMPOS

“Hai momentos nos que vas con moita xente, pero hai outros nos que vas sola. Nestes momentos véñenche moitas cousas á cabeza e faste preguntas que non teñen resposta”. SOFÍA ÁLVAREZ





I. E. S. “ILLA DE SAN SIMÓN”.- REDONDELA

ATLETISMO 2005.- Melloras marcas FEMININAS

INFANTÍS

CADETES.

<u>SALTO DE LONXITUDE:</u>	1º <u>LAURA GONZALEZ GALLEGO</u>	3,73	1º <u>SARA GONZÁLEZ RIVERA</u>	3,97
	2º <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	3,50	2º <u>MARÍA AMOEDO LAMAS</u>	3,90
	3º <u>CRISTINA CRESPO GARCÍA</u>	3,45	3º <u>LUCÍA LÓPEZ REBOREDO</u>	3,90
<u>LANZAMIENTO DE PESO:</u>	1º <u>LAURA GONZÁLEZ GALLEGO</u>	7,30	1º <u>CARMEN DOCAMPO SÁNCHEZ</u>	7,92
	2º <u>SARA GONZÁLEZ BARREIRO</u>	6,98	2º <u>ALBA ALONSO ÁLVAREZ</u>	7,85
	3º <u>ESTEFANÍA DIESTE LÓPEZ</u>	6,95	3º <u>MARÍA GONZÁLEZ OTERO</u>	7,50
<u>SALTO DE ALTURA:</u>	1º <u>MARIANA TRINIDAD SOUT.</u>	NR 1,35	1º	
	2º <u>JUDIT CABALEIRO SNTACL.</u>	1,30	2º	
	3º <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	1,25	3º	
<u>VELOCIDADE PURA:</u>	1º <u>LAURA GONZÁLEZ GALLEGO</u>	12,06	1º <u>LUCÍA LÓPEZ REBOREDO</u>	12,12
<u>80 m. LISOS:</u>	2º <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	12,23	2º <u>MARÍA AMOEDO LAMAS</u>	12,36
	3º <u>MARÍA SERTAL SOUTO</u>	12,58	3º <u>SARA GONZÁLEZ RIVERA</u>	12,49
<u>OBSTÁCULOS:</u>	1º <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	12,70	1º <u>VERÓNICA POSADA BOUZÓN</u>	12,75
<u>60 m. VALADOS:</u>	2º <u>MARIANA TRINIDAD SOUT.</u>	12,88	2º <u>SARA GONZÁLEZ RIVERA</u>	13,15
	3º <u>JUDIT CABALEIRO SANTAC.</u>	12,93	3º <u>MARÍA GONZÁLEZ OTERO</u>	13,52
<u>VELOCIDADE-</u>	1º <u>ÁNGELA DOCAMPO LÓPEZ</u>	NR 31,82	1º <u>SARA GONZÁLEZ RIVERA</u>	32,75
<u>RESISTENCIA: 200 m.:</u>	2º <u>LAURA OTERO ORTEGA</u>	33,52	2º <u>LUCÍA GARCÍA LÓPEZ</u>	32,95
	3º <u>LAURA GONZÁLEZ GALLEGO</u>	33,52	3º <u>MARÍA GONZÁLEZ OTERO</u>	33,03
<u>FONDO: 1000 metros:</u>	1º <u>LAURA GONZÁLEZ GALLEGO</u>	4,02	1º	
	2º <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	4,03	2º	
	3º <u>BLANCA PEREIRA AMOEDO</u>	4,25	3º	
<u>FONDO:</u>	1º <u>MARÍA ENTENZA PUGA</u>	1.925	1º	
<u>Test COOPER 9 min.:</u>	2º <u>CARLA RIVAS GARRIDO</u>	1.900	2º	
	3º <u>MARÍA SERTAL SOUTO</u>	1.890	3º	

CURSO ESCOLAR 2004 – 05

ALUMNOS DO NOSO I.E.S. MÁIS DESTACADOS O LONGO DO ANO:

JUDIT BARBOSA SOTELO.

Dende fai 2 anos dedícase ao boxeo. Disputou xa 2 combates nos que resultou gañadora aos puntos.

Entrena 3 días a semana nas instalacións do clube Polideportivo Saudade de Vigo

SAMUEL SEIJAS SOBRAL.

Ademáis de das súas cualidades atléticas (pódese ver que figura como un dos mellores en varias das probas), pertence o Clube Náutico de Vigo como nadador moi destacado. Domina as probas de 50 metros estilo libre, 50 metros braza e 50 metros estilo mariposa. Conseguiu destacados postos nos últimos campionatos galegos e está moi preto das mínimas para asistir aos campionatos de España.

Pero isto non se fai de balde: entrena tódolos días entre 1 hora e media e 2 horas, agás os luns polas clases. Así, con sacrificio, conséguense os resultados.



ROBERTO LAGO FERNÁNDEZ.

Roberto é un mediocampista moi importante nas estruturas do equipo cadete da división de honor do Real Clube Celta.

Neste ano conseguiron o segundo posto do campionato en dura loita co eterno rival : O Deportivo da Coruña. Polo seu posto non é moi goleador, pero ten o mayor número de asistencias de gol. Isto tamén conséguese con traballo. Entrena 5 días a semana.

EQUIPO INFANTIL MASCULINO DA SAR.

Este grupo integrado polos nosos compañeiros: Gabo, Lucas, Hugo, Brais, Dani, Eloy, Alex, Diego, Jacinto, Samuel y Abrahán fixeron unha fenomenal campaña acadando o 3º posto na liga. Disputándolle o título a equipos tan renomados como o Cisne-Teucro e o Cangas da liga Asobal.

**EQUIPO DE XIMNASIA RÍTMICA.**

Composto polas alumnas: Sara Glez Rivera, Sara Ramírez, Yomara, Sofía, Yolanda y Yaiza continúa a repetir este ano os grandes éxitos que xa conseguiron no pasado curso.

É de destacar tamén, a Sara Glez. Rivera que como atleta destacou enormemente en casi todas as probas.



LUCÍA VÁZQUEZ NOVOA

Porteira moi destacada do equipo xuvenil da SAR. Non só foi campiona da liga regional participando brillantemente na fase de sector, sinon que , coa selección galega, participou nos campionatos nacionais con unha actuación moi destacada.

LAURA N. GONZÁLEZ GALLEGO.

Atleta moi destacada na categoría infantil. Figura nada menos que en 5 disciplinas como unha das tres mellores do I.E.S., e sendoo en Lonxitude, peso, 80 metros lisos e nos 1000 metros.

FRANCISCO DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ

O noso comañeiro Fran destacou enormemente como ven facendoo nestes últimos cursos. Conta con dúas marcas que figuran entre as mellores de todos os tempos desde o comezo deste instituto: 200 metros con 25'60 e 1000 metros que fixo en 2'53

**MARIANA TRINIDAD SOUTULLO**

Neste o seu primeiro ano entre nos conseguiu batir a vella marca no salto de altura de 1'30 elevandoa a 1 metro e 35 centímetros con un perfecto estilo e todo isto sendo de primeiro ano de infantil...

ANGELA DOCAMPO LÓPEZ

Tamen temos que felicitar a Angela porque nos campeonatos de Atletismo de Semama Santa conseguiu o record absoluto con 31'' e 82 centésimas.

I. E. S. "ILLA DE SAN SIMÓN".- REDONDELA

ATLETISMO 2005.- Mellores marcas MASCULINAS

INFANTIS

CADETES

SALTO DE LONXITUDE:	1º <u>PEDRO J. BESADA CRESPO</u>	4,23	1º <u>SAMUEL SEIJAS SOBRAL</u>	4.86
	2º <u>SAMUEL SOTO CONDE</u>	4,15	2º <u>RUBÉN CAMIÑA CORUJEIRA</u>	4.81
	3º <u>JAVIER GRADÍN PÉREZ</u>	4,06	3º <u>FRANCISCO DOMÍNGUEZ MNEZ.</u>	4.75
LANZAMIENTO DE PESO:	1º <u>GABRIEL PAZOS GONZÁLEZ</u>	9,07	1º <u>SAMUEL SEIJAS SOBRAL</u>	10.85
	2º <u>ELOY KROOK CASTAÑO</u>	8,33	2º <u>ANXO OTERO AMOEDO</u>	10.56
	3º <u>MIGUEL A IRIARTE MÍGUEZ</u>	8,22	3º <u>ALBERTO GIMÉNEZ VIDAL</u>	10.49
SALTO DE ALTURA:	1º <u>BRAIS MONROY RIVAS</u>	1,30	1º <u>JUAN J. CARBALLÉS QUEIM.</u>	NR 1.65
	2º <u>ELOY KROOK CASTAÑO</u>	1,30	2º <u>RAFAEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ</u>	1.45
	3º <u>SANTIAGO MOUGÁN GLEZ.</u>	1,30	3º <u>DARÍO DE SIMÓN FERRADÁS</u>	1.35
VELOCIDADE PURA:	1º <u>GABRIEL PAZOS GONZÁLEZ</u>	11,12	1º <u>ALBERTO IZQUIERDO RGUEZ.</u>	10.33
80 m. LISOS:	2º <u>DANIEL BARROS PUERTAS</u>	11,55	2º <u>CHRISTIAN BLANCO PINTOS</u>	10.59
	3º <u>HUGO LÓPEZ MÍGUEZ</u>	11,81	3º <u>SAMUEL SEIJAS SOBRAL</u>	10.85
OBSTÁCULOS:	1º <u>BRASI MONROY RIVAS</u>	11,12	1º <u>FRANCISCO DOMÍNGUEZ MNEZ.</u>	10.22
60 m. VALLAS:	2º <u>JAVIER GRADÍN PÉREZ</u>	11,83	2º <u>JUAN J. CARBALLÉS QUEIM.</u>	11.18
	3º <u>JOSÉ COUÑAGO SOBRAL</u>	12.19	3º <u>HUGO GÓMEZ FIGUEROA</u>	11.62
VELOCIDADE:	1º <u>GABRIEL PAZOS GONZÁLEZ</u>	30,23	1º <u>FRANCISCO DOMÍNGUEZ MNEZ.</u>	25.60
RESISTENCIA: 200 m.:	2º <u>LUCAS ALONSO RODRÍGUEZ</u>	30,48	2º <u>BORJA LAGO VIDAL</u>	27.40
	3º <u>JOSÉ COUÑAGO SOBRAL</u>	30,73	3º <u>CRISTIAN DACOSTA VILABOA</u>	28.10
FONDO: 1000 metros:	1º <u>LUCAS ALONSO RODRÍGUEZ</u>	3,16	1º <u>FRANC. DOMÍNGUEZ MNEZ.</u>	NR 2.53
	2º <u>ÁNGEL MAQUIEIRA FDEZ.</u>	3,18	2º <u>RAFAEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ</u>	NR 2.53
	3º <u>XACOBE ROMERO RGUEZ.</u>	3,22	2º <u>ABEL REBOREDA MARTÍNEZ</u>	3.02
FONDO:	1º <u>XACOBE ROMERO RGUEZ.</u>	2.400	1º	
Test COOPER 9 min.:	2º <u>ALBERTO VILAS VIRULEGIO</u>	2.360	2º	
	3º <u>ABRAHÁN LAGO GONZÁLEZ</u>	2.340	3º	

O valor da humildade



Ocorre con frecuencia que as grandes persoas adoitan pasar desapercibidas máis alá do seu entorno próximo. Podemos convivir con elas e só como produto da casualidade chegamos a saber da súa auténtica valía, dos méritos que atesouran detrás da normalidade do seu trato e maneira de convivir cos demais. No meu parecer, iso é o que fai máis grande o seu mérito.

Nesta sociedade de fasto e aparencia, de vaidade baleira, agrádécese que de cando en vez unha destas persoas che devolva a fe no ser humano, a motivación para un traballo honesto sen máis, sen ambición de recoñecemento mediático, sen a

prepotencia de fantoches verborreicos ou ególatras de fotomatón.

Traballa entre nós unha persoa con anos de dedicación ós máis indefensos e débiles, con dedicación a éxitos que teñen o valor dun sorriso daqueles ós que lles din minusválidos. Por esa dedicación e pola súa capacidade humana e profesional foi membro do equipo “Paralímpico” español en Sidney; é dicir nas olimpiadas dos que superaron os retos máis altos.

Coordina todo un labor social e deportivo na que centos de rapaces e rapazas de todas as idades e condicións se inician na vida deportiva, no valor de superarse fronte a un mesmo e a un rival, que non inimigo, onde aprenden a perder e a gañar pero sobre todo aprenden o valor do esforzo como modo de superación e mellora.

Un *campus* de verán é outra das súas actividades, alguén que tivo fillos alí da fe dese traballo como un exemplo de actividade de lecer para cativos.

É responsable da preparación física dun equipo da máxima categoría nacional feminina, e agora, o noso compañeiro **D. DOMINGO SALINAS** foi chamado como **PREPARADOR FÍSICO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO FEMININO** da máxima categoría que competirá no XOGOS DO MEDITERRÁNEO e máis tarde no CAMPIONATO DE EUROPA DE BALONCESTO FEMININO.



FELICIDADES COMPAÑEIRO, SORTE E GRAZAS POR RECORDARNOS O VALOR DA HUMILDADE

E TI QUE DIS SOBRE

A ADOLESCENCIA

A vida dun adolescente é un pano, por máis voltas que lle dean sempre ves o mesmo, todo o día de vagos, coa escusa do estudo.



Despois duns anos xa se independizan e xa son como bolboretas, ben desenvolvidas coa súa propia vida, pero ... e antes?.

O meu curmán, catorce anos, todo o día enchufado á Playstation coma un imán que se che pega na fibela do cinto e non es capaz de sacalo, pasas o maior dos ridículos, así lle vai, non aproba unha.

A miña irmá, dezaseis anos, xa ten algo de sentidiño, pero segue sendo unha catavento, da voltas e voltas e para no mesmo sitio ... máis voltas. Só pensa en mozos e xogos, os

estudos resérvaos, como reserva un neno o seu último caramelo sabendo que non ten máis, tampouco aproba unha, son pedras.

Estou eu, dezasete anos, unha fraude, non estudo, non leo, non fago nada, ah! si! Xogo ao fútbol e a calquera deporte, eu son o vento dun lado a outro e xorde a ocasión intento ligar a algunha nena, porque hai algunhas de moi bo ver. Non sei porqué pero a vida dunha adolescente é a mellor, non porque o diga eu senón porque todos a vivimos, temos vivido ou viviremos e sen dúbida ningunha a ela queremos regresar. En resumo a adolescencia é o de sempre, festa, nenas e fútbol. Só hai que saber vivila.

Uxío



Xa falta pouco para que medre o Everest encima da miña cara. Síntome viva, forte e feliz. Vou entrar nunha etapa máis da miña vida.

Agardo non ser tan insoportable como o foi a miña irmá, que pasaba o día protestando por todo e sen facerlle

caso a ninguén. Íase todos os días a deambular horas e horas cos seus amigos, sen facer nada, só deambular, que aburrido debe ser iso. Eu, polo menos vou a un sitio e xogo a algo, vou a outro e sento, en fin: dun lado para outro toda a tarde pero facendo diferentes cousas.



Agora que chega o veranciño haberá que ir á praia cos raparigos, que, menos mal que están florecendo, porque antes daba vergoña ir con eles, eran todos uns tapóns, gordiños e feos.

Agardo non namorarme de ningún deles, porque aínda que son moi bos rapaces teñen unha empanada ...

Carmen Docampo (3º B)

A etapa da adolescencia é moi dura, máis coñecida como "a idade da parvoeira" a vida é moi dura porque nesa época chegan os compañeiros, as compañías, as cousas novas, saír cos teus amigos, sempre che comeza a gustar unha moza-o, os

estudos ... co paso do tempo vas vendo que algunhas cousas están no seu sitio e outras perdidas.

Os estudos son algo fundamental na etapa da adolescencia, porque, despois decídense moitas cousas: o que queiras estudar, o queres ser se traballas algún día e moitas cousas máis. Por outra banda, chegan as compañías que poden ser guais e levarte moi ben e pasalo xenial con elas, pero, coma sempre hai algún "pero", poden facer cousas como: roubar, insultar á xente, e cousas así que cando pouco a pouco vas medrando vaste dando conta de que os que eran os teus amigos, só compartías con eles malas

circunstancias.

Co paso dos anos dáste conta de que: non estudas, pórtaste mal, fáltaslle ao respecto os teus maiores, pais e profesores; por iso é tan dura a época da adolescencia porque nunca sabes que facer coas cousas que pasan e a maioría delas danche igual. Cando tes xa uns anos (18 -



19) sabes o que vas estudar ou no que vas traballar e xa colles un pouco máis de sentido, non che da todo igual, queres o mellor para ti e para os teus amigos, familiares ... E poste a pensar en todas as parvadas que facías.



A adolescencia paréceme un estado moi raro xa que afecta de forma diferente ao sexo masculino e ao feminino.

O primeiro que apreciei ao entrar na adolescencia foi que as xirafas da clase sentiámonos coma se pisásemos ovos, xa que as mozas da clase eramos moi altas en comparación cos rapaces, xa que estes eran baixiños e a maioría gordiños.

Outro síntoma da adolescencia son os volcáns, cando os volcáns se poñen en erupción, algúns rapaces e rapazas viven acomplezados, sobre todo, se os rascas xa que despois quedache a marca, a pegada do vulcano.

Outro tema son os pelos, eses pelos que van medrando e medrando ata que o teu corpo parece a selva amazónica. As rapazas, ao chegar a unha idade, desexan talar as árbores da selva amazónica xa que o consideramos pouco feminino.

Respecto aos rapaces, se a estes non lles saen pelos acompléxanse porque din que non son homes, aínda que algúns depilan as pernas por diferentes razóns.

Cando os rapaces medran, convértense nas xirafas que eramos nosoutras antes. Como nós medramos antes, quedamos pequenas para algúns rapaces.

Por estas razóns paréceme que a adolescencia é un cambio moi raro pero natural.

Adriana López (3º B)

A adolescencia, unha etapa de desconcerto para pais e fillos.

A adolescencia é unha etapa que comeza despois da infancia e acaba na idade adulta. Este período é un camiño ao longo do que hai moitas desviacións e sempre queres elixir ti sen que ninguén te guíe polo que el considera "bo camiño".

Nos rapaces dura desde os 14 anos ata os 20 e nas rapazas desde os 12 aos 18 anos.

Esta é unha etapa dura para os pais e para os fillos, porque case que nin se falan xa que, os fillos só confiamos nos nosos amigos e os pais teñen medo a que nos rebelemos.

Moitas veces estamos desorientados porque non sabemos se moitas cousas das que facemos están ben ou mal e por non acudir os nosos pais (uns vellos carcas que non saben nada do noso mundo) acudimos a un amigo que sabe o mesmo ca nós e así collemos o camiño equivocado.

A VIOLENCIA

A violencia é un dos problemas máis importantes da sociedade, podemos dicir que hoxe é un cancro no mundo no que vivimos. Cada vez esténdese a distintos sectores como o deporte, a política, os institutos ... e vai facendo cada vez máis difícil a convivencia entre as persoas.



Hai dous tipos de violencia: a verbal e a física. A violencia verbal quizais sexa a máis dura de levar xa que se te están todos os días a insultar, é difícil vivir e iso é o que leva á xente a facer tolerías como é a de cruzar a derradeira porta da vida.

A violencia física tamén é dura porque pode levarte a que deixes de ir a clase por medo a que che peguen, algunhas mulleres deixan de falar cos seus maridos por medo a que as maltraten.

Pero a maior das violencias é a guerra pois nela morre xente inocente, sobre todo, nenos. E o que máis pena me dá e que as guerras se chega por cuestións económicas e políticas e que os nosos dirixentes non nos deixen vivir en paz.

Finalmente, quero dicir que con isto non van parar as guerras nin a violencia, pero polo menos entre as persoas máis achegadas a min (como pode ser o Instituto e os amigos) deixemos de pegarnos e insultarnos xa que iso só fomenta máis violencia, ferida da guerra que sofre a sociedade neste momento.

Marta Pérez (3º B)



Na actualidade, vivimos nunha sociedade con adiantos en todos os campos: tecnolóxico, médico, industrial ... pero seguimos con un valor prehistórico: o mundo é unha xungla na que sobrevive o máis forte, utilizando calquera trampa de caza incluída a violencia.

Diariamente, atopámonos con esas noticias que son como terremotos que tiran polo chan os piares da sensatez: asasinatos, guerras, maltratos...

Estes últimos, os maltratos, son un tema moi actual, sobre todo os producidos contra o xénero feminino, homes que cren que son robots de guerra fanlles dano a persoas que consideran inferiores pensando que están nun videoxogo.

Normalmente pénsase sempre na violencia física pero tamén existe a psicolóxica: persoas que senten que son ratos acosados polo gato que os vai comer e non ven outra saída que escapar saltando ao baleiro sen paracaídas.

Esquecemos que somos seres humanos, que nos diferenciamos das demais especies porque razoamos e comunicámonos con palabras non cos puños e coas ameazas. Vivimos en sociedade e quizais deberíamos ler ese manual de instrucións que son o conxunto dos dereitos humanos, para recordar que todos temos uns valores e que ninguén é superior aos outros.



A solución está en dialogar máis e cando teñamos algún conflito antes de levantar a arma de guerra pensar en que nos estamos convertendo co uso de tanta violencia.

Cristina Gómez.

MIRADAS PERDIDAS

Ollos asulagados de ilusións esquecidas
 vagan perdidos nun futuro morto anos hai,
 tropezan de fronte,
 con indiferencia,
 con outros ollos ausentes.

Sós, nos autobuses, nos barcos, nas beirarrúas,
 nos bestiarios.
 Sós nos amenceres de noites longas,
 nas xiadas que enrugan a mesma vida.

Ollos turbios por mor da luz esnaquizada
 en anos de troula van,
 en amores, cunca de inocencias perdidas,
 en tempos que se pensaban sen fin

Miradas tristes dun futuro de pasados mortos,
 miradas mortas de rutinas que embrutecen,
 miradas baleiras, desesperanzadas,
 mirada fonda, escura, de mar adentro.

Mirada de home canso,
 rendido,
 domado,
 perdido.

Mirada de muller rota,
 soa,
 desilusionada.

Ollos endurecidos, seixos de resistencia pétrea,
 metamorphose dun tempo parado, sen fin,
 que nos devora as mesmas entrañas
 ollos da miña xente,
 ollos de xente humilde
 ollos do mundo enteiro.

Ollos dunha mañá de inverno
 nun autobús obreiro
 Ollos dunha mañá obreira
 nun autobús de inverno

Calixto&Melibeo

**¿ Sabedes cál é o medio máis seguro para facer miserable
 ó voso fillo ?**

Acostumbradeo a coseguir todo; porque, ó medrar
 constantemente os seus desexos pola facilidade de
 satisfacelos, antes ou despois a impotencia obrigaravos, ó
 voso pesar, a chegar á negativa, e esa negativa insólita
 atormentarao máis que a privación mesma do que desexa.
 Primeiro quererá o bastón que tendes; logo quererá o voso
 reloxo; despois quererá o paxaro que voa; quererá a estrela
 que brilla, quererá todo canto vexa; a menos de ser Deus,

¿ Como o contentaredes ?
J.J. Rousseau “ El Emilio “

PaSaTeMpOs MaTeMáTiCos

2.005

1.- Xián está a estudar en Irlanda e mándalle o seguinte telegrama á súa nai :

S E N D
+
M O R E


M O N E Y

Substituíndo cada letra por unha cifra, saberías dicir cantos cartos recibirá Xián?


2 .- Ademais a súa nai contestalle : ($IR)^2 = VIR$, ¿neste caso canto vale VIR?

3 .- Xián vai á froitoría e atopa tres caixas de froita pechadas: unha delas contén laranxas, a outra kivis e a terceira ten laranxas e kivis. As tres teñen unha etiqueta indicando o seu contido, pero resulta que ningunha delas ten a etiqueta correcta. ¿Serías capaz de etiquetalas correctamente sacando unicamente unha peza de froita dunha das caixas?.

4. O rectángulo bailarín: Para gañar uns cartos, Xián ten que pintar un dos dous rectángulos da figura, o de liña continua ou o de liña discontinua. Se lle pagan por metro cadrado pintado, ¿con cal gañara máis?. ¿Ten alguha relación este resultado co coñecido Teorema de Pitágoras?



5.- Colocar un só número do 1 ó 12 en cada vértice da estrela de maneira que todas as arestas sumen igual.




6 .- Un tratante de arte vendeu dous cadros por 990 euros cada un. Con un dos cadros obtivo un beneficio do 10 % e co outro sufriu unha perda do 10 %. “Isto significa que quedei igual”, dixo. ¿É isto certo?



7 .- E para rematar : ¿Cómo medirías 4 litros con soamente dúas botellas de auga de 5 litros e de 3 litros respectivamente?.

Solucións :

1.- $9561 + 1085 = 10652$. 2.- $25^2 = 625$. 3.- Levántase a tampa que pon laranxas e kivis e nesa caixa só pode haber laranxas ou kivis enteira. Se houbera laranxas, como na tampa que pon kivis só pode haber laranxas ou laranxas e kivis, e como non pode haber laranxas haberá laranxas e kivis, e entón na tampa que pon laranxas haberá kivis. 4.- Gaña igual porque os dous teñen igual área, basta con poñer o triángulo punteado superior na parte inferior, e ambos paralelogramos teñen igual base e altura. 5.- Seguindo unha orde : 11, 4, 6, 7, 9 ; 8, 5 ; 1, 12, 10, 3 ; 2. 6.- Falso. Un cadro custaba 900 euros e o outro 1.100 euros, polo tanto perde cartos. 7.- Éncchese a botella de 5 litros e vértese o seu contido na de 3, quedando 2 litros nela, valeirase a de 3 e ponse nela os 2 litros que quedaban na de 5; vólvese a enccher a de 5 e valeirase 1 litro na de 3, que xa tiña 2, quedando 4 litros de auga na botella de 5 litros.







UN SABOR

DIFFERENTE